

## 3.4. servicios

Á hora de analiza-lo sector servicios hai que partir da consideración de que se trata dun sector que engloba a un conxunto heteroxéneo de actividades, como son, seguindo o índice da *Memoria*, o comercio, o turismo, as comunicacións, o transporte, os servicios a empresas, os servicios financeiros e os servicios da educación e sanidade.

Atendendo á Contabilidade Trimestral de Galicia, **cadro C.3.1.** (*VEB a prezos de básicos 1998-99*), o sector servicios presenta no ano 2000 unha taxa de crecemento media anual do 3,7%, fronte ó 4,9% do ano anterior. Os servicios de mercado presentan un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constates) do 4,2% respecto ó ano anterior, en tanto que no caso dos servicios non de mercado, esta taxa de crecemento é do 2,2%.

Observando a evolución trimestral, o sector servicios presenta unha tendencia decrecente

tanto no caso dos servicios de mercado como nos de non mercado. Por unha banda, os servicios de mercado presentan unha taxa de crecemento do 4,4% no primeiro trimestre do ano 2000, fronte ó 3,3% do derradeiro trimestre do ano. Por outra, nos servicios de non mercado, as taxas de crecemento son de 2,2% e 1,3%, respectivamente.

En relación á poboación ocupada no sector servicios de Galicia e a súa distribución por ramas de actividade, o **cadro C.3.2.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución por ramas de actividade*) amosa cómo a maior parte da mesma concéntrase no comercio por xunto e polo miúdo, que engloba ó 24,6% do total ocupado no sector servicios (127,1 miles de persoas en 2000), e a menor nas institucións financeiras e de seguros, que acollen ó 3,6% (18,8 miles de persoas).

No que ó crecemento da poboación acupada se refire, son os subsectores de “comercio por xunto e polo miúdo” e os servicios empresariais

Empresas maioristas nas CC.AA. 1998-99 (1): distribución segundo subsectores

	Total 1998	Total 1999	Intermediarios de comercio	Materias primas agrarias-alimentación	Productos de consumo non alimenticios	Productos non agrarios semielaborados	Maquinaria e equipamento	Outros
Andalucía	25.229	26.240	6.988	10.168	3.731	3.008	2.172	173
Aragón	6.016	5.779	1.309	1.880	950	727	776	137
Asturias	3.438	4.420	1.304	1.365	593	734	403	21
Baleares	3.915	3.906	1.115	1.189	809	439	327	27
C. Valenciana	22.192	22.752	6.271	6.023	4.976	3.231	2.061	190
Canarias	7.271	7.412	1.539	2.817	1.784	565	635	72
Cantabria	1.962	1.978	589	721	252	264	143	9
Castela-A Mancha	6.605	6.504	1.370	2.757	804	1.002	543	28
Castela e León	9.671	9.824	2.100	4.397	1.088	1.354	851	34
Cataluña	39.475	38.980	12.002	7.717	9.059	4.864	4.904	434
Ceuta-Melilla	701	681	103	205	229	107	20	17
Extremadura	3.484	3.625	791	1.542	428	557	287	20
<b>Galicia</b>	<b>12.251</b>	<b>12.594</b>	<b>2.490</b>	<b>4.792</b>	<b>1.763</b>	<b>2.289</b>	<b>1.200</b>	<b>60</b>
Madrid	24.058	24.605	6.338	4.193	7.186	2.735	3.730	423
Murcia	5.799	5.954	1.612	2.379	721	677	529	36
Navarra	2.545	1.958	452	661	287	312	218	28
País Vasco	11.256	11.319	4.508	2.154	1.394	1.724	1.328	211
A Rioxa	1.522	1.537	500	528	199	180	123	7
<b>Total</b>	<b>187.390</b>	<b>190.068</b>	<b>51.381</b>	<b>55.488</b>	<b>36.253</b>	<b>24.769</b>	<b>20.250</b>	<b>1.927</b>

(1) datos a 1 de xaneiro de 2000

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas (DIRCE)

(“outros servicios”) os que experimentan un maior crecemento, con 6,3 miles de persoas máis cada un deles. Pola contra, os subsectores “transportes e actividades anexas. Comunicacions”, “institucións financeiras e de seguros” e o de “educación” ven reducida a súa poboación ocupada.

## Comercio

A análise deste apartado está dividido en dous grandes bloques. O primeiro deles dedicado ó estudio do comercio por xunto, para o que se empregan os datos recollidos no Directorio Central de Empresas (Dirce), e o segundo apartado, dedicado á análise do comercio polo miúdo, para o que se seguen os datos facilitados polo *Anuario Económico de España 2001* publicado por La Caixa.

### • Comercio maiorista

Atendendo ós datos do Dirce, os **cadros C.3.27. (Locais maioristas nas comunidades autónomas 1998-99: distribución por subsectores)** e **3.4.1.** amosan o número de locais e empresas dedicados ó comercio ó por maior e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor e motocicletas (actividade 51 da CNAE-93). Estes cadros reflicten que catro comunidades (Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana) agrupan

o 58,7% e 59,2%, respectivamente, do total de locais e empresas maioristas do estado, mentres Galicia acolle o 6,6% do total de locais e empresas de España (un total de 14.098 locais e 12.594 empresas).

Das 12.594 empresas dedicadas ó comercio por xunto (343 empresas máis que no ano anterior), o **cadro 3.4.1.** reflicte que o subsector comercio ó por maior de materias primas agrarias e de animais vivos é o máis importante en Galicia atendendo tanto ó número total de empresas, 4.792 empresas (o 38% das empresas maioristas galegas), como ó seu peso relativo no conxunto do estado, ó acoller Galicia o 8,6% das empresas pertencentes a este subsector.

No caso dos locais comerciais, o subsector comercio ó por maior de materias primas agrarias e de animais vivos acolle o 37,5% dos locais maioristas galegos, representando o 8,5% dos locais maioristas do subsector a nivel estatal.

### • Comercio polo miúdo

O número de actividades comerciais minoristas en Galicia para o ano 2000 estimouse en 55.890 (é dicir, o 6,6% dos establecementos minoristas de España), **cadro 3.4.2.**, o que sig-

CADRO 3.4.2.

Equipamento comercial minorista nas CC.AA. 2000: distribución segundo grupos de actividade

	Alimentación		Vestido e calzado		Actividades comerciais non alimentación							Total	Total gr. sup. e out/ 1000 habs	Total actividades comerciais	Total activ. comerciais/ 1000 habs	
	Total	total/1000 habs.	Total	total/1000 habs.	Resto	Fogar	Grandes almacéns	Hiper-mercados	Almacenes populares	Comercio ambulante e feiras	Centros comerciais					Otros
Andalucía	52.443	7,18	19.608	10,54	37.860	19.698	19	80	402	3.598	56	7.839	11.994	1.64	141.403	19,36
Aragón	11.408	9,61	3.242	11,21	7.157	2.901	12	14	112	338	9	1.981	2.466	2,08	27.174	22,90
Asturias	9.072	8,37	3.309	11,764	5.743	2.712	2	7	311	584	12	1.376	2.292	2,11	23.128	21,33
Baleares	5.785	7,04	3.670	13,063	5.971	3.422	3	20	21	550	7	691	1.292	1,57	20.140	24,51
Canarias	11.151	6,67	5.668	21,977	10.601	5.718	5	25	23	2.452	28	3.365	5.898	3,53	39.026	23,33
Cantabria	5.480	10,37	1.520	13,14	10.601	5.718	5	25	23	2.452	28	3.365	5.898	3,53	39.026	23,33
Castela e León	22.767	9,15	6.423	11,24	5.942	11,24	4	8	66	385	5	637	1.105	2,09	12.527	23,70
Castela - A Mancha	14.772	8,56	4.200	10,94	14.531	27.218	7	17	124	1.092	21	4.100	5.361	4,371	55.346	22,24
Cataluña	56.127	9,04	21.310	11,44	19.741	17.479	2	10	127	942	14	3.276	4.371	2,53	38.884	22,53
C. Valenciana	35.285	8,68	11.771	12,78	40.543	79.332	19	72	354	2.896	48	4.905	8.294	1,34	143.753	23,16
Extremadura	10.235	9,53	2.715	11,96	25.471	11.391	11	50	179	2.909	32	3.817	6.998	1,72	90.916	22,36
Galicia	19.033	6,97	8.606	11,65	16.048	31.799	3	23	96	2.358	20	2.558	5.058	1,85	55.890	20,47
A Coruña	7.939	7,16	3.734	12,36	6.976	13.705	1	11	32	963	7	815	1.829	1,65	23.473	21,17
Lugo	2.378	6,48	1.264	12,83	2.340	4.709	-	2	6	217	3	631	768	2,07	7.845	21,38
Ourense	2.534	7,33	1.127	11,05	1.853	3.818	-	2	18	270	2	412	704	2,04	7.066	20,42
Pontevedra	6.182	6,80	2.481	10,53	4.879	9.367	2	9	40	908	8	600	1.767	1,94	17.516	19,27
Madrid	28.029	5,45	12.958	10,19	26.941	52.436	14	53	279	2.201	107	2.522	5.176	1,01	85.641	16,64
Murcia	8.195	7,24	2.990	10,86	6.510	12.281	3	9	19	778	10	1.150	1.969	1,74	22.445	19,84
Navarra	5.617	10,44	1.641	12,32	3.662	6.629	2	5	43	986	3	222	1.261	2,34	13.507	25,11
País Vasco	16.691	7,95	6.966	11,25	11.166	23.632	8	24	105	1.710	18	618	2.483	1,18	42.806	20,38
Rioxa	2.678	10,10	1.023	13,27	1.657	3.519	1	3	14	61	2	341	422	1,59	6.619	24,96
Ceuta	629	8,53	318	13,07	410	963	-	-	6	8	-	164	178	2,42	1.770	24,01
Meillía	682	11,98	290	16,71	434	951	1	1	1	49	-	186	238	4,18	1.871	32,87
<b>Total</b>	<b>316.079</b>	<b>7,86</b>	<b>118.218</b>	<b>11,48</b>	<b>233.687</b>	<b>461.574</b>	<b>119</b>	<b>429</b>	<b>2.335</b>	<b>24.742</b>	<b>-</b>	<b>42.712</b>	<b>70.737</b>	<b>1,76</b>	<b>848.390</b>	<b>21,10</b>

Fonte: La Caixa, Anuario Económico de España

nifica que en Galicia existen 20,5 establecementos minoristas por cada 1.000 habitantes fronte ós 21,1 establecementos no conxunto do estado. Como se pode apreciar, ó igual que acontece no caso do comercio maiorista, catro comunidades acollen máis da metade (o 54,4%) do censo de establecementos. Trátase das comunidades autónomas de Cataluña (16,9%), Andalucía (16,7%), a C. Valenciana (10,7%) e Madrid (10,1%).

Atendendo á distribución dos diferentes grupos de actividade en Galicia, o **cadro 3.4.2.** reflicte que a actividade minorista segue concentrando boa parte dos seus efectivos en torno á alimentación, que acolle o 34,1% das actividades comerciais minoristas (19.033). No conxunto do estado, esta porcentaxe ascende ata o 37,2%.

O comercio minorista galego presenta unha superficie total de venda de 5,0 millóns de metros cadrados (o 6% da superficie total estatal), sendo a sexta comunidade con maior superficie de venda tralas comunidades catalana, andaluza, madrileña, valenciana e a castelá-leonesa. A superficie media de venda ascendeu a 90,2 metros cadrados por establecemento, que é inferior á existente en España (99,3 metros cadrados). Comparada coas outras comunidades, Galicia é a cuarta comunidade con menor superficie media por establecemento minorista, superando a Asturias, Cantabria, Extremadura e País Vasco.

Atendendo ós distintos grupos de actividade, en Galicia o relacionado coas actividades do fogar é quen conta cunha maior superficie comercial con 1.182.243 metros cadrados (o 23,4% da superficie total), seguido de “alimentación”, con 862.857 metros cadrados (o 17,1% do total). No conxunto do estado, estas actividades acollen o 22,8% e 18,1% da superficie total, respectivamente.

Tal e como reflicte o devandito **cadro 3.4.2.**, no ano 2000 o equipamento comercial de grandes superficies estaba formado por 5.058 establecementos, dos que 2.358 corresponden ó denominado comercio ambulante e feiras. En

conxunto, a relación entre a superficie total de grandes superficies e o número de habitantes (en miles), acada un valor en Galicia de 1,85 fronte ós 1,76 no conxunto do estado.

O número de hipermercados no ano 2000 foi de 23 (o 5,4% do total estatal) que presentaban unha superficie de venda de 190.608 metros cadrados, o que nos indica unha superficie media de 8.287,3 metros cadrados. Comparado co total estatal, Galicia presenta unha superficie media de venda inferior á española que foi de 9.818,3 metros cadrados.

Finalmente, o número de grandes almacéns e almacéns populares ascendeu a 3 e 96 establecementos, respectivamente, sendo a súa superficie total de 111.831 e 59.555 metros cadrados. O peso relativo deste tipo de establecementos no total estatal foi do 2,5% e 4,1%, respectivamente, e a súa superficie representa o 5,4% e 3,6%, respectivamente, do total estatal.

## Turismo

Turismo e ocio conforman un subsector heteroxéneo que englobaría, entre outras actividades, as axencias de viaxes; restaurantes, bares e cafeterías; hoteis e hospedaxe; actividades cinematográficas; actividades artísticas e de espectáculos; máquinas tragaperras e recreativas; ou servicios persoais.

O estudio deste subsector está dividido en tres apartados, dedicados á análise dos indicadores da oferta turística, os indicadores da demanda e os indicadores empresariais. Para a descrición das principais características destas actividades empréganse os datos presentados polo IGE, o INE, a Dirección Xeral de Turismo, os Presupostos Xerais da Xunta e Ardán.

Como punto de partida da análise deste subsector, o **cadro C.3.29.** (*Oferta turística 1998-99*), que recolle un resumo da situación da oferta turística de Galicia, reflicte un aumento do número de establecementos hoteleiros e de establecementos de turismo rural así como unha medra importante no número de habitacións e

prazas dispoñibles nos paradores e balnearios galegos.

Dende o punto de vista da demanda, o turismo galego, despois do importante efecto do ano xacobeo, experimentou no ano 2000 un descenso no número de visitantes. Non obstante, o número de viaxeiros chegados a Galicia no último ano, 2.525.953 persoas, é un 36,4% superior ó rexistrado no ano 1998.

Dos viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros galegos no ano 2000, o 82,2% son residentes en España, en tanto que o 17,8% restante proceden do estranxeiro. Xunto a esta característica do predominio do turismo nacional hai que salienta-lo crecemento do turismo de persoas residentes no estranxeiro no ano 2000 (un 10,5% superior ó rexistrado o ano anterior).

Este descenso da demanda a penas se produce no caso do turismo rural, onde o descenso do número de viaxeiros respecto ó ano anterior foi dun 0,8%.

A provincia de Lugo foi a única provincia galega que experimentou un crecemento do número de viaxeiros, tanto nacionais con residentes no estranxeiro, e acolle o 14,9% dos viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros no ano 2000 a Galicia fronte ó 12,8% do ano anterior. As provincias de A Coruña e Pontevedra, acolle no ano 2000 o 78,7% dos viaxeiros fronte ó 81,4% do ano precedente.

Finalmente, unha característica salientable deste subsector é o importante grao de estacionalidade: o grao de ocupación hoteleira no mes de agosto é do 63,8%, mentres que no mes de xaneiro rexistra unha ocupación de 27,8%. Para o conxunto de España, o grao de ocupación en agosto chega ós 77,4% en tanto que no mes de xaneiro esta acada o 46,6%.

#### • *Indicadores da oferta*

O número de hoteis e hostais que funcionaron en Galicia no ano 2000 foi de 477 e 612, res-

pectivamente. Entre ámbolos tipos de establecementos ofertaban un total de 51.378 prazas, un 2,8% máis que en 1999. Os hoteis dispuñan dunha media de 72,7 prazas por establecemento, en tanto que nos hostais o establecemento medio tiña un total de 27,3 prazas. Desagregando o estudio por categorías, Galicia centra a súa oferta nas categorías baixas dos hoteis, de tal xeito que o 72,1% dos hoteis en Galicia son de dúas ou unha estrela, e o 68,1% dos hostais son dunha estrela.

Por provincias, Pontevedra oferta o 53,3% do total das prazas hoteleiras e ten o 55,1% dos hoteis de Galicia. No que ós hostais se refire, en A Coruña están o 40% dos establecementos deste tipo, acollendo Pontevedra o 33% dos mesmos. Finalmente, o **cadro 3.4.3.** reflicte que en A Coruña están o 37,9% das pensións, fondas e casas de hospedaxe, concentrándose o 72,6% das mesmas nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

O **cadro 3.4.4.** amosa que entre os 111 cámpings que existen en Galicia, predominan os de segunda e terceira categoría, que só hai 24 de primeira categoría, e que non hai ningún cámping catalogado como de luxo.

No caso dos cámpings tamén se aprecia a característica da concentración do turismo galego nas provincias de Pontevedra e A Coruña: estas dúas provincias acollen o 83,8% dos cámpings galegos.

Como no caso dos cámpings, en Galicia non existe oferta de apartamentos de máxima categoría. No devandito **cadro 3.4.4.** amósanse que 33 dos 37 establecementos dedicados a apartamentos están encadrados na categoría de unha ou dúas chaves. A provincia de Pontevedra é a que máis apartamentos oferta, non só no total (16) senón tamén en relación ás diferentes categorías.

En canto á situación dos restaurantes e cafeterías, **cadro 3.4.5.**, dos 4.833 restaurantes que funcionan en Galicia, 3.942, é dicir, o 81,6% dos mesmos, son dun só garfo, e só exis-

CADRO 3.4.3.

**Hotéis, hostais, pensións e fondas 2000: número e habitacións e prazas ofertadas**

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Núm.	Habitac.	Núm.	Prazas	Núm.	Prazas	Núm.	Prazas	Núm.	Prazas
<b>Hotéis</b>	477	19.253	106	34.677	67	3.728	41	2.160	263	10.158
5 estrelas	3	415	2	789	-	-	-	-	1	198
4 estrelas	36	3.710	12	7.085	4	619	4	538	16	1.499
3 estrelas	94	4.971	24	9.216	10	416	6	289	54	2.719
2 estrelas	142	4.921	32	8.534	17	459	8	295	85	3.038
1 estrela	202	5.236	36	9.051	36	868	23	1.038	107	2.704
<b>Hostais</b>	612	9.824	245	16.701	86	2.287	79	2.185	202	3.094
3 estrelas	5	162	3	243	-	-	-	-	2	21
2 estrelas	190	3.395	95	5.867	22	362	15	465	58	982
1 estrela	417	6.267	147	10.591	64	1.003	64	1.720	142	2.091
<b>Pensións, fondas e casas de hóspedes</b>	1.048	7.803	397	12.644	204	2.374	83	1.121	364	2.662
Pensións	58	427	29	755	22	163	2	22	5	31
Fondas e casas de hóspedes	990	7.376	368	11.889	182	2.105	81	1.099	359	2.631
<b>Total</b>	2.137	36.880	748	64.022	357	8.389	203	3.130	829	15.914
										28.268

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

## CADRO 3.4.4.

## Campings e apartamentos 2000: número e prazas e habitacións ofertadas

	Campings				Apartamentos				Total		
	Luxo	Primeira	Segunda	Terceira	Total	4 chaves	3 chaves	2 chaves		1 chave	Total
<b>A Coruña</b>											
Número	-	8	12	29	49	-	1	4	8	13	62
Prazas	-	4.084	4.645	4.531	13.260	-	64	172	247	483	13.743
Habitacións	-	-	-	-	-	-	16	63	80	159	159
<b>Lugo</b>											
Número	-	-	6	5	11	-	-	2	3	5	16
Prazas	-	-	1.739	1.132	2.871	-	-	150	85	235	3.106
Habitacións	-	-	-	-	-	-	-	42	28	70	70
<b>Ourense</b>											
Número	-	2	2	3	7	-	1	2	-	3	10
Prazas	-	538	231	689	1.458	-	118	149	-	267	1.725
Habitacións	-	-	-	-	-	-	31	17	-	48	48
<b>Pontevedra</b>											
Número	-	14	23	7	44	-	2	6	8	16	60
Prazas	-	9.201	5.012	1.872	16.085	-	146	199	429	774	16.859
Habitacións	-	-	-	-	-	-	42	40	75	157	157
<b>Total</b>											
Número	-	24	43	44	111	-	4	14	19	37	148
Prazas	-	13.823	11.627	8.224	33.674	-	328	670	761	1.759	35.433
Habitacións	-	-	-	-	-	-	89	162	183	434	434

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

## CADRO 3.4.5.

## Restaurantes e cafeterías 2000: número e prazas

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas
<b>Restaurantes</b>	4.833	300.494	1.752	128.749	779	42.462	445	36.352	1.857	92.931
5 garfos	1	200	1	200	-	-	-	-	-	-
4 garfos	1	66	1	66	-	-	-	-	-	-
3 garfos	9	1.618	4	1.269	1	65	-	-	4	284
2 garfos	880	83.004	399	37.579	144	10.966	86	13.591	251	20.868
1 garfo	3.942	215.606	1.347	89.635	634	31.431	359	22.761	1.602	71.779
<b>Cafeterías</b>	1.445	94.955	538	36.504	230	15.868	97	5.556	580	37.027
3 cuncas	6	966	3	676	-	-	-	-	3	290
2 cuncas	29	2.966	5	417	2	184	2	124	20	2.241
1 cuncas	1.410	91.023	530	35.411	228	15.684	95	5.432	557	34.496
<b>Total</b>	6.278	395.449	2.290	165.253	1.009	58.330	542	41.908	2.437	129.958

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

te un de 5 garfos e un de catro, ámbolos dous na provincia de A Coruña. Pola súa banda, das 1.445 cafeterías abertas en Galicia, só un 0,4% son de máxima categoría.

Outras ofertas de turismo e ocio de Galicia son a estación de esquí de Manzaneda, as 2.109 prazas en portos deportivos, os 6 parques naturais e un riquísimo patrimonio histórico cultural que axudan a defini-la oferta turística galega.

Xunto a esta oferta turística analizada, en Galicia destaca tamén o papel que ten a oferta do turismo rural, o turismo nos distintos balnearios ou nos paradores. En relación ó ano 1999, no ano 2000 prodúcese un crecemento do 21,6% no número de prazas nos establecementos de

turismo rural, e do 13,2% e 4% no caso dos balnearios e paradores, respectivamente.

As prazas ofertadas polos establecementos de turismo rural galegos neste ano foron 3.108, das que 979 e 975 prazas son ofertadas polos establecementos das provincias de Pontevedra e Lugo. O **cadro 3.4.6.**, que recolle os datos sobre esta modalidade turística amosa que son estas dúas provincias as que presentan un maior crecemento do número de prazas, con máis dun 25% sobre o número de prazas existentes o ano anterior.

En relación ó denominado turismo termal, en Galicia funcionan 13 balnearios que ofertan 768 habitacións e 1.445 prazas. Salienta a pro-

CADRO 3.4.6.

**Establecementos de turismo rural 1999-00: prazas ofertadas**

	1999	2000	2000			
			Pazos	Casas grandes	Casas de aldea	Casas de labranza
A Coruña	642	719	166	19	378	156
Lugo	758	975	137	10	621	207
Ourense	374	435	181	16	238	-
Pontevedra	782	979	85	54	701	139
<b>Total</b>	<b>2.556</b>	<b>3.108</b>	<b>569</b>	<b>99</b>	<b>1.938</b>	<b>502</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 3.4.7.

**Balnearios 1999-00: número e habitacións e prazas ofertadas**

	1999			2000		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
A Coruña	2	89	155	2	89	155
Lugo	2	72	140	2	72	141
Ourense	2	79	145	2	79	145
Pontevedra	7	447	836	7	528	1.004
<b>Total</b>	<b>13</b>	<b>687</b>	<b>1.276</b>	<b>13</b>	<b>768</b>	<b>1.445</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 3.4.8.

**Paradores 1999-00: número e habitacións e prazas ofertadas**

	1999			2000		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
A Coruña	2	174	324	2	174	324
Lugo	2	53	103	2	95	187
Ourense	1	23	45	1	23	45
Pontevedra	4	262	494	4	262	494
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>512</b>	<b>966</b>	<b>9</b>	<b>554</b>	<b>1.050</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

vincia de Pontevedra, con sete balnearios e 1.004 prazas e 528 habitacións, o que supón o 69,5% das prazas totais e o 68,8% do número total de habitacións (**cadro 3.4.7.**).

No concernente ós paradores, **cadro 3.4.8.**, os 9 establecementos existentes en Galicia ofertan no ano 2000 un total de 554 habitacións e 1.050 prazas. Desagregando a análise por provincias, Pontevedra é a provincia onde máis paradores se atopan, ofertando o 47,0% das prazas dos paradores galegos.

Cómpre, para completa-la análise da oferta, facer referencia ó sistema de promoción do turismo, que leva a cabo Turgalicia. O presuposto de Turgalicia para o ano 2000 foi de 943,9 millóns de pesetas fronte ós 1.531,3 millóns de

pesetas do ano anterior, salientando na execución do mesmo (**cadro 3.4.9.**) as partidas dedicadas ás campañas publicitarias, xornadas e presentacións, de promoción; edición; ou ás feiras.

• **Indicadores da demanda**

Despois do forte crecemento experimentado no ano 1999 polo pulo do ano Xacobeo (o número de turistas chegados ós establecementos hoteleiros medrou un 56% respecto ó ano 1998), no ano 2000 descende o número de viaxeiros, **cadro C.3.28.** (*Viaxeiros, pernoctacións e estadia media en establecementos hoteleiros 1999-00*), nun 12,8% para acadalas 2.525.953 persoas. Fronte a este descenso global, hai que salienta-lo crecemento da chegada de turistas residentes no estranxeiro, nun 10,5%



## Investimentos de Turgalicia 1999-00

	1999	2000
	(en pesetas)	
<b>Gastos de establecemento</b>	472.305	181.401
<b>Inmovilizado inmaterial</b>	755.859.972	53.780.163
Estudios e traballos técnicos	26.148.114	40.272.751
Patentes e marcas	179.652	1.341.334
Aplicacións informáticas	44.853.206	12.166.078
Donación de inmovilizado	684.679.000	-
<b>Inmovilizado material</b>	33.009.771	25.039.484
Construcións		
Utilillaxe e fotolitos		
Instalacións eléctricas	1.835.668	557.450
Instalacións para tratamento de fluídos	957.497	369.042
Instalacións para telecomunicacións	-	40.345
Instalacións de seguridade	-	-
Outras instalacións	4.379.884	7.964.560
Enseres e equipos de oficina	15.893.320	8.354.196
Mobles	2.561.070	1.895.955
Equipo informático	1.807.332	5.857.935
Elementos de transporte externo	5.575.000	-
<b>Promoción</b>	741.964.189	864.862.836
Edicións	160.760.122	180.298.117
Campañas publicitarias	221.591.105	241.577.464
Convenios e patrocinios	6.383.660	16.130.079
Feiras	142.164.098	155.069.910
Congresos	24.323.063	1.151.043
Xornadas e presentacións	153.948.836	207.652.357
Viaxes de familiarización	12.550.895	24.825.004
Colaboracións	7.250.900	1.098.000
Axudas para formación	6.144.780	6.437.890
Outras accións de promoción	6.846.730	30.622.971
<b>Total</b>	<b>1.531.306.237</b>	<b>943.863.884</b>

Fonte: Turgalicia

respecto ó ano anterior, para acadar os 449.681 viaxeiros, o 17,8% do número total de viaxeiros chegados no ano 2000.

O grao de ocupación hoteleira en Galicia descendeu no ano 2000 un total de 6,2 puntos porcentuais respecto a 1990, ata chegar ó 40,2%, cando en España este descenso foi de 1,2 puntos, para acadar unha taxa de ocupación do 63,4%.

O turismo en Galicia, ó igual que en España, caracterízase por unha forte estacionalidade. O grao de ocupación máximo deuse no mes de agosto, cun 63,8%, e o mínimo en xaneiro, cun 27,8%. A diferenza entre un e outro descendeu no ano 2000 respecto a 1999, cando o grao de ocupación en agosto foi de 70,5% e no mes de xaneiro foi de 29,7%, tal e como recolle o **cadro 3.4.10**.

Comparando os datos correspondentes a Galicia e España, o devandito cadro amosa a diferenza entre os seus niveis de ocupación

hoteleira. Vese no **cadro 3.4.10**, cómo o grao de ocupación máis baixo en Galicia foi do 27,8%, fronte ó 46,6% en España (decembro).

O grao de ocupación do mes de agosto foi de 63,8% na comunidade galega fronte ó 77,4% da media estatal. Xunto a estas diferenzas importantes, pódese sinalar que a diverxencia entre os meses de maior e menor ocupación é maior en Galicia que en España.

Na tónica de descenso da demanda turística, a demanda do turismo rural no ano 2000 descende lixeiramente, un 0,8% respecto ó ano 1999, acadando os 91.708 viaxeiros, tal e como amosa o **cadro 3.4.11**. Pola contra, no ano 2000 aumenta o número de pernoctacións un 4,6% sobre o ano anterior.

O devandito cadro reflicte o aumento de viaxeiros e de pernoctacións no caso dos establecementos da provincia de Ourense e Pontevedra. No caso da provincia de Ourense, o número de viaxeiros aumentou un 13,2% e as

CADRO 3.4.10.

**Graos de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros 1999-00**

	Grao de ocupación						Estadia media	
	Galicia			España			Galicia	España
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total	Valor máximo	Valor mínimo		
<b>1999</b>	46,4	70,5	29,7	64,6	78,8	46,5	2,3	3,9
<b>2000</b>	40,2	63,8	27,8	63,4	77,4	46,6	2,3	3,8

Fonte: INE

CADRO 3.4.11.

**Viaxeiros e pernoctacións en establecementos de turismo rural 1999-00**

	1999		2000		00/99	
	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.
	%					
<b>A Coruña</b>	34.145	69.244	32.885	71.392	-3,7	3,1
<b>Lugo</b>	27.681	47.936	25.270	45.647	-8,7	-4,8
<b>Ourense</b>	12.976	24.142	14.683	26.840	13,2	11,2
<b>Pontevedra</b>	17.674	43.343	18.870	49.336	6,8	13,8
<b>Total</b>	92.476	184.665	91.708	193.215	-0,8	4,6

Fonte: IGE

CADRO 3.4.12.

**Grao de ocupación e estadia media en establecementos de turismo rural 1999-00**

	1999		2000		00/99	
	GO	EM	GO	EM	GO	EM
	(media anual)					
<b>A Coruña</b>	32,0	2,0	28,9	2,2	-9,8	8,5
<b>Lugo</b>	18,5	1,7	14,5	1,8	-21,6	6,5
<b>Ourense</b>	21,7	1,9	20,0	1,8	-7,7	-3,7
<b>Pontevedra</b>	15,9	2,5	15,7	2,6	-1,1	4,4
<b>Total</b>	21,5	2,0	19,1	2,1	-11,0	5,5

Fonte: IGE

CADRO 3.4.13.

**Grao de ocupación e estadia media nos paradores 1999-00**

	Grao de ocupación		Estadia media
	1999	2000	2000
	(% ocup./hab.)		
<b>Baiona</b>	63,67	66,75	2,02
<b>Cambados</b>	62,98	53,08	2,09
<b>Ferrol</b>	69,50	62,03	1,63
<b>Pontevedra</b>	70,94	59,66	1,84
<b>Ribadeo</b>	64,72	65,65	1,55
<b>Santiago</b>	88,40	80,39	1,79
<b>Tui</b>	69,96	63,66	1,54
<b>Verín</b>	67,32	60,37	1,29
<b>Vilalba</b>	24,17	38,68	1,57
<b>Total</b>		64,54	1,78

Fonte: Paradores de Turismo de España

## CADRO 3.4.14.

## Complejo turismo-ocio 1999: actividades que comprende o grupo

Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio	
(en millóns de pesetas)						
Axencias de viaxes	40	13.553,53	1.182,02	191,86	3.806,82	8
Distrib. de art. para deporte, recreo e pasatempo	34	14.684,70	1.771,06	366,99	8.399,87	13
Restaurantes, bares e cafeterías	163	21.332,64	7.477,83	1.294,27	10.829,36	19
Hoteis e hospedaxe	89	19.409,89	10.467,07	3.997,60	36.629,56	29
Actividades cinematográficas e de vídeo	18	2.617,26	1.204,66	332,00	2.783,42	14
Actividades artísticas, deportivas e de espectáculo	55	21.804,11	13.257,02	9.620,18	33.922,68	33
Máquinas tragaperras e recreativas	68	23.351,51	6.857,38	4.986,59	17.598,71	11
Servicios pessoais	15	1.875,02	1.034,50	117,81	1.223,48	32
<b>Total</b>	<b>482</b>	<b>118.628,66</b>	<b>43.251,54</b>	<b>20.907,30</b>	<b>115.193,90</b>	<b>20</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	4,56%	2,00%	3,71%	6,01%	2,57%	

Fonte: Ardán

pernoctacións un 11,2%, namentres que no caso de Pontevedra estas porcentaxes acadaron o 6,8% e 13,8%, respectivamente.

O grao de ocupación nos establecementos de turismo rural descendeu no ano 2000, pasando desde o 21,5% de 1999 ata o 19,1% no 2000. Esta caída prodúcese en tódalas provincias, **cadro 3.4.12.**, salientando o descenso da provincia de Lugo que foi do 21,6%. A estadia media en días medrou no ano 2000 pasando dos 2,0 días de 1999 ata os 2,1 días en 2000. Por provincias, esta estadia media medrou en tódalas provincias galegas agás no caso da provincia de Ourense.

En relación á demanda no caso dos paradores galegos, salienta que a porcentaxe de ocupación acada o 64,5% no conxunto dos paradores galegos, sendo a estadia media no ano 2000 de 1,78 días. Os paradores de Santiago e Baiona presentan un grao de ocupación superior á media galega, con 80,39% e 66,75%, respectivamente, en tanto que no caso da estadia media, Cambados e Baiona son os que presentan a maior estadia media, con 2,09 e 2,02 días, respectivamente (**cadro 3.4.13.**).

#### • *Indicadores empresariais*

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector turismo e ocio ascen-

deu a 482 empresas en 1999, o que supuña o 4,6% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 20 traballadores por empresa. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector de turismo e ocio representa o 3,7% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 2% no período 98-99 (**cadro 3.4.14.**).

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.4.15.**, son A Coruña en primeiro lugar, seguidas de Vigo e Santiago en segundo e terceiro lugar, respectivamente, que acollen, ó igual que en 1998, o 62,5% do VEB xerado neste subsector.

A conta de explotación agregada destas 482 empresas amosa que no ano 1999 experimentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 26,7% para situarse nos 7.684,4 millóns de pesetas. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos medrou un 29,3%, ascendendo a 11.797,3 millóns de pesetas, e que o resultado de actividades ordinarias descendeu un 48,4% para situarse en 1.486,9 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 16,3%, 1,6 puntos máis que o que o fan os ingre-

CADRO 3.4.15.

**Complexo turismo-ocio 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
A Coruña	12.243,41	13.924,12	13,7
Vigo	6.825,05	7.975,66	16,9
Santiago	4.200,59	5.125,41	22,0
Pontevedra	1.875,18	2.154,43	14,9
O Grove	1.519,78	1.951,63	28,4
Ourense	1.397,68	1.464,61	4,8
Lugo	999,66	1.177,98	17,8
Ferrol	997,15	1.131,33	13,5

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.16.

**Evolución da actividade no complexo turismo-ocio 1998-99: ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	103.446,61	100,00	118.628,66	100,00	14,7
Consumo e outros gastos de explotación	66.242,08	64,04	75.377,13	63,54	13,8
Valor engadido bruto a custo dos factores	37.204,53	35,96	43.251,54	36,46	16,3
Gastos de persoal	22.658,67	21,90	27.363,14	23,07	20,8
Resultado económico bruto da explotación	14.545,86	14,06	15.888,40	13,39	9,2
Amortizacións	10.617,82	10,26	13.517,11	11,39	27,3
Resultado económico neto da explotación	3.928,04	3,80	2.371,29	2,00	-39,6
Resultado financeiro	- 1.045,65	-1,01	- 884,38	-0,75	15,4
Ingresos financeiros	896,75	0,87	1.175,96	0,99	31,1
Gastos financeiros	1.942,40	1,88	2.060,34	1,74	6,1
Resultado de actividades ordinarias	2.882,39	2,79	1.486,91	1,25	-48,4
Resultado de actividades extraordinarias	6.241,51	6,03	10.310,41	8,69	65,2
Resultado antes de impostos	9.123,89	8,82	11.797,32	9,94	29,3
Impostos	3.059,83	2,96	4.112,87	3,47	34,4
Resultado neto do exercicio	6.064,06	5,86	7.684,44	6,48	26,7
Cash-flow	16.490,42	15,94	20.907,30	17,62	26,8

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.17.

**Evolución do investimento e do financiamento no complexo turismo-ocio 1998-99**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	98.282,55	100,00	115.193,90	100,00	17,2
Activo fixo (neto)	63.110,53	64,21	68.284,40	59,28	8,2
Gastos amortizables	1.070,61	1,09	1.235,33	1,07	15,4
Inmovilizado inmaterial	17.143,03	17,44	17.465,59	15,16	1,9
Inmovilizado material	36.302,46	36,94	40.979,42	35,57	12,9
Outro inmovilizado	7.945,88	8,08	7.888,11	6,85	-0,7
Outro activo fixo	648,55	0,66	715,94	0,62	10,4
Circulante neto	35.172,02	35,79	46.909,51	40,72	33,4
Existencias	7.298,43	7,43	7.477,31	6,49	2,5
Debedores	13.252,87	13,48	17.967,43	15,60	35,6
Tesourería	9.161,10	9,32	12.304,22	10,68	34,3
Outro activo circulante	5.459,61	5,56	9.160,55	7,95	67,8
Fontes de financiamento	98.282,55	100,00	115.193,90	100,00	17,2
Financiamento permanente	61.477,81	62,55	73.931,92	64,18	20,3
Fondos propios	41.234,30	41,95	47.112,27	40,90	14,3
Recursos alleos l/p	18.194,19	18,51	25.645,48	22,26	41,0
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2.049,31	2,09	1.174,17	1,02	-42,7
Acreedores a curto prazo	36.804,75	37,45	41.261,98	35,82	12,1
Fondo de rotación	- 1.632,73	-1,66	5.647,52	4,90	-

Fonte: Ardán

## CADRO 3.4.18.

## Complexo turismo-ocio 1998-99: estudo económico-financeiro

## Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	10,83	10,22	34,52	24,18	22,55	15,92	4,46	3,25	0,82	0,93	6,51	3,45
1998	7,87	11,50	33,76	23,97	22,33	16,24	4,40	3,25	0,91	1,08	6,36	3,17

## Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	9,19	6,67	5,19	3,50	1,97	1,88	21,65	18,11	2,59	2,24	1,42	2,45
1998	8,67	6,48	4,93	3,47	1,92	1,84	18,65	16,77	2,91	2,53	1,42	2,56

Fonte: Ardán

sos de explotación, polo que o peso relativo do VEB aumentou dende o 36% de 1998 ata o 36,5% do ano 1999. Asemade, o devandito cadro reflicte un aumento do valor absoluto dos gastos de persoal do 20,8%, sendo o seu peso relativo nos ingresos de explotación do 23,1%.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.4.17.**, en termos relativos, a diferenza do acontecido no ano 1998, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto, e un 12% do circulante neto. O fondo de rotación presenta un valor positivo de 5.647,5 millóns de pesetas (-1.632,7 millóns de pesetas en 1998). No concernente ás fontes de financiamento, o 64,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 14,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 40,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 41%, cun peso relativo do 22,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 115.193,9 millóns de pesetas, un 17,2% superior ó valor de 1998, dos que 68.284,4 millóns corresponden ó activo fixo neto (un

8,2% superior ó existente o ano anterior). Os 46.909,5 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 33,4% en relación a 1998.

No que ó estudo económico e financeiro se refire, o **cadro 3.4.18.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, un aumento do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é lixeiramente superior (0,6 puntos porcentuais), e no caso da evolución do VEB sobre os ingresos é 10,3 puntos porcentuais superior.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos medran no ano 1999. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade e da rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, e polo descenso do custo da débeda. O devandito **cadro 3.4.18.** amosa que as rendibilidades económica e financeira son superiores ás rexistradas polas 10.572 empresas galegas

CADRO 3.4.19.

Correspondencia postal nacida e distribuída nas CC.AA. 1999-00

	Correspondencia nacida			Correspondencia distribuída		
	1999	2000 (1)	00/99 (2)	1999	2000 (1)	00/99 (2)
	(en millóns de obxectos)		%	(en millóns de obxectos)		%
Andalucía	363,33	174,22	28,9	711,25	344,20	17,9
Aragón	92,86	41,69	15,9	161,43	78,26	21,0
Asturias	74,32	34,33	22,1	146,98	66,34	5,0
Baleares	75,63	26,43	6,0	114,33	55,24	18,7
Canarias	107,22	46,25	12,3	214,86	98,41	8,4
Cantabria	38,14	13,69	14,8	82,36	33,78	14,4
Castela - A Mancha	98,16	41,58	11,6	205,47	92,91	8,3
Castela e León	190,98	73,11	-0,2	347,47	156,49	8,5
Cataluña	904,59	398,09	13,5	1.056,68	481,49	14,5
C. Valenciana	372,47	167,00	12,2	498,06	243,73	18,8
Estremadura	59,77	26,69	14,7	118,40	54,56	10,0
Galicia	183,15	81,01	20,6	345,85	157,98	12,7
Madrid	2.072,72	985,03	15,5	1.032,36	447,86	1,9
Murcia	47,34	20,46	14,7	116,67	55,94	16,2
Navarra	80,14	35,56	6,4	85,87	40,05	13,1
País Vasco	241,51	114,29	14,0	270,84	122,17	6,6
Rioxa	19,91	8,83	13,6	38,64	18,57	16,8
Ceuta e Melilla	3,59	1,70	41,7	11,42	4,89	4,7
<b>Total</b>	<b>5.025,83</b>	<b>2.289,96</b>	<b>15,0</b>	<b>5.558,94</b>	<b>2.552,87</b>	<b>11,5</b>
G/E (%)	3,64	3,54		6,22	6,19	

(1) Ata maio

(2) Diferencia calculada sobre o mes de maio dos dous anos

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

CADRO 3.4.20.

Correspondencia postal nacida e distribuída 1999-00

	Correspondencia nacida			Correspondencia distribuída (1)		
	1999	2000	2000/99	1999	2000	2000/99
	(en miles de obxectos)		%	(en miles de obxectos)		%
A Coruña	84.710	85.990	1,5	140.834	149.507	6,2
Lugo	17.839	17.917	0,4	43.130	44.455	3,1
Ourense	15.275	13.591	-11,0	38.270	37.756	-1,3
Pontevedra	49.307	53.046	7,6	107.596	115.091	7,0
<b>Total</b>	<b>167.131</b>	<b>170.544</b>	<b>2,0</b>	<b>329.830</b>	<b>346.809</b>	<b>5,1</b>
<b>Total España</b>	<b>5.025,83</b>			<b>5.558,94</b>		
G/E (%)	3,64			6,22		

(1) excluída a correspondencia electoral

Fonte: Correos y Telégrafos

analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

## Comunicacións

A análise do subsector das comunicacións basearase nos datos facilitados polo Ministerio de Fomento, Correos e Telégrafos e Ardán. Segundo a metodoloxía de Ardán, o subsector das comunicacións estaría composto polas actividades de artes gráficas e actividades de servizos relacionados, edición, papelerías e librerías, radio e televisión, informática, comunicacións e servizos relacionados.

Un primeiro aspecto que se pode salienta é que o uso da rede internet é aínda baixo en Galicia xa que, a pesares de duplicarse o núme-

ro de usuarios (8,2% da poboación rexional), segue por debaixo da media estatal (12,6%) e é a terceira comunidade que menos usa “a rede”, só por diante de Estremadura e Murcia (**cadro C.3.31. Usuarios de internet nas comunidades autónomas 1999-00**).

### • Servicio postal

En relación ó servizo postal, Galicia rexistra un aumento da correspondencia nacida e distribuída na comunidade, sendo este crecemento superior ó experimentado polo conxunto do estado.

A correspondencia con orixe na comunidade creceu un 2,0% respecto a 1999, ata acadar os 170,5 millóns de obxectos no ano 2000, sendo a

## CADRO 3.4.21.

## Sector das comunicacións 1999: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total
(en millóns de pesetas)					
Artes gráficas e actividades de servicios relac.	75	15.463,49	5.847,51	1.407,12	14.744,69
Edición	19	24.210,39	11.682,36	3.503,24	27.066,41
Papelerías e librerías	62	20.474,19	2.485,38	350,03	8.092,81
Radio e televisión	12	17.285,41	4.603,43	786,42	12.161,71
Informática, comunicacións e servicios relac.	93	31.726,19	11.241,18	1.155,53	34.698,00
Educación	65	7.506,80	4.776,05	495,09	6.111,33
<b>Total</b>	<b>326</b>	<b>116.666,48</b>	<b>40.635,90</b>	<b>7.697,44</b>	<b>102.874,95</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas</b>	<b>3,08%</b>	<b>1,97%</b>	<b>3,48%</b>	<b>2,21%</b>	<b>2,30%</b>

Fonte: Ardán

correspondencia nacida na provincia de A Coruña moí superior á existente nas outras provincias. Esta provincia acolle o 50,4% da correspondencia total con orixe en Galicia, seguida de Pontevedra, co 31,1%.

Comparado coas outras comunidades e co estado, o **cadro 3.4.19.** reflicte que Galicia rexistra, ata o mes de maio do ano 2000, o terceiro maior crecemento da correspondencia nacida, por detrás de Andalucía e Asturias, cunha importancia relativa do 3,54% no total estatal.

No concernerne á correspondencia distribuída (excluída a correspondencia electoral), **cadro 3.4.20.**, esta medra no ano 2000 un 5,1% respecto a 1999, acadando os 346,8 millóns de obxectos distribuídos. A provincia de A Coruña é a que máis correspondencia distribuída acolle, co 43,1% do total da correspondencia distribuída en Galicia, seguida de Pontevedra, co 33,2%.

Nos cinco primeiros meses do ano 2000 a correspondencia distribuída en Galicia representaba o 6,2% do total distribuído en España, sendo a quinta comunidade en canto ó número de obxectos distribuídos, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía e a C. Valenciana.

#### • *Indicadores empresariais*

Segundo o criterio de selección de empresas empregado por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector comunicacións (apoio ó tratamento e difusión da información) ascende a 326 empresas en 1999, o que supuña

o 3,1% do conxunto de empresas galegas consideradas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 27 traballadores por empresa. Comparado coa selección utilizada para o estudo de empresas galegas, o VEB xerado polas empresas do subsector das comunicacións (40.635,9 millóns de pesetas) representa o 3,5% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación (116.666,5 millóns de pesetas) é do 2% en 1999.

Atendendo á metodoloxía Ardán, a actividade máis importante en canto ó número de empresas se refire é o de informática, comunicacións e servicios relacionados, con 93 empresas, aínda que son as 19 empresas pertencentes á actividade de edición as que xeran un maior valor engadido bruto con 11.682,4 millóns de pesetas, lixeiramente superior ós 11.241,2 millóns de pesetas xerados polas empresas das actividades de informática, comunicación e servicios relacionados (**cadro 3.4.21.**).

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización son A Coruña en primeiro lugar (16.925 millóns de pesetas), seguida de Vigo (7.674,1 millóns de pesetas) e Santiago (7.543,6 millóns de pesetas), que acollen o 79,1% do VEB xerado neste subsector (**cadro 3.4.22.**).

Respecto á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 3.4.23.** reflicte que no ano 1999 as empresas do subsector das comunicacións consideradas no seu conxunto

CADRO 3.4.22.

**Sector das comunicacións 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
A Coruña	13.435,22	16.924,99	26,0
Vigo	6.575,41	7.674,10	16,7
Santiago	7.731,59	7.543,63	-2,4
Lugo	1.573,17	1.826,78	16,1
San Cibrao das Viñas	1.093,34	1.296,11	18,5
Ourense	627,44	778,85	24,1
Pontevedra	455,14	548,52	20,5
Mos	422,25	489,55	15,9

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.23.

**Evolución da actividade no sector das comunicacións 1998-99: ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	94.531,97	100,00	116.666,48	100,00	23,4
Consumo e outros gastos de explotación	59.472,83	62,91	76.030,57	65,17	27,8
Valor engadido bruto a custo dos factores	35.059,13	37,09	40.635,90	34,83	15,9
Gastos de persoal	26.243,01	27,76	31.264,09	26,80	19,1
Resultado económico bruto da explotación	8.816,12	9,33	9.371,81	8,03	6,3
Amortizacións	3.622,89	3,83	4.833,64	4,14	33,4
Resultado económico neto da explotación	5.193,23	5,49	4.538,17	3,89	-12,6
Resultado financeiro	- 1.787,48	-1,89	- 1.872,44	-1,60	-4,8
Ingresos financeiros	214,20	0,23	235,58	0,20	10,0
Gastos financeiros	2.001,68	2,12	2.108,02	1,81	5,3
Resultado de actividades ordinarias	3.405,75	3,60	2.665,73	2,28	-21,7
Resultado de actividades extraordinarias	568,52	0,60	2.458,66	2,11	332,5
Resultado antes de impostos	3.974,27	4,20	5.124,39	4,39	28,9
Impostos	1.211,26	1,28	1.764,77	1,51	45,7
Resultado neto do exercicio	2.763,00	2,92	3.359,62	2,88	21,6
Cash-flow	6.093,15	6,45	7.697,44	6,60	26,3

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.24.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector das comunicacións 1998-99**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	77.608,55	100,00	102.874,95	100,00	32,6
Activo fixo (neto)	29.903,41	38,53	46.723,95	45,42	56,2
Gastos amortizables	810,54	1,04	3.260,30	3,17	302,2
Inmovilizado inmaterial	3.617,26	4,66	7.493,90	7,28	107,2
Inmovilizado material	21.218,25	27,34	25.817,52	25,10	21,7
Outro inmovilizado	3.651,92	4,71	10.095,71	9,81	176,4
Outro activo fixo	605,45	0,78	56,51	0,05	-90,7
Circulante neto	47.705,15	61,47	56.151,00	54,58	17,7
Existencias	9.314,99	12,00	9.958,99	9,68	6,9
Debedores	31.914,57	41,12	36.713,77	35,69	15,0
Tesourería	4.276,12	5,51	4.738,61	4,61	10,8
Outro activo circulante	2.199,48	2,83	4.739,63	4,61	115,5
Fontes de financiamento	77.608,55	100,00	102.874,95	100,00	32,6
Financiamento permanente	35.257,46	45,43	48.216,18	46,87	36,8
Fondos propios	13.441,63	17,32	18.733,11	18,21	39,4
Recursos alleos l/p	17.604,07	22,68	25.035,40	24,34	42,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	4.211,76	5,43	4.447,66	4,32	5,6
Acreedores a curto prazo	42.351,09	54,57	54.658,77	53,13	29,1
Fondo de rotación	5.354,05	6,90	1.492,23	1,45	-72,1

Fonte: Ardán



## CADRO 3.4.25.

## Sector das comunicacións 1998-99: estudo económico-financieiro

## Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	10,87	10,22	36,03	24,18	26,10	15,92	3,36	3,25	0,96	0,93	4,09	3,45
1998	7,90	11,50	34,55	23,97	25,86	16,24	3,08	3,25	1,01	1,08	3,92	3,17

## Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	6,84	6,67	3,74	3,50	1,77	1,88	17,19	18,11	2,41	2,24	2,32	2,45
1998	6,71	6,48	3,36	3,47	1,70	1,84	14,04	16,77	2,67	2,53	2,50	2,56

Fonte: Ardán

presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 21,6% para situarse nos 3.359,6 millóns de pesetas. Pola contra, o resultado de actividades ordinarias descendeu un 21,7%, ascendendo a 2.665,7 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 15,9%, 7,5 puntos menos que o que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 37,1% de 1998 ata o 34,8% do ano 1999. Asemade, o devandito cadro reflicte unha medra dos gastos de persoal en termos absolutos do 19,1%, acadando os 31.264,1 millóns de pesetas en 1999.

En relación ó estudo do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.4.24.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 2,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 1.492,2 millóns de pesetas, un 72,1% inferior ó existente o ano anterior. O 97,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernerente ás fontes de financiamento, o 46,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 39,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 18,2% do financiamento total. Os recursos

alleos a longo prazo medraron un 42,2%, cun peso relativo do 24,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 102.875 millóns de pesetas, un 32,6% superior ó valor de 1998, dos que 46.724 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 56,2% superior en relación ó ano anterior). Os 56.151 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 17,7% con relación a 1998.

No que ó estudo económico e financieiro se refire, o **cadro 3.4.25.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB, e dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 0,7 puntos superior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 11,8 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 3.4.25.** amosa que a rendibilidade económica ascendeu en 1999 ó 6,84% fronte ó 6,67% da economía galega,

CADRO 3.4.26.

**Vendas de combustibles líquidos 1999-00**

	1999	2000	00/99
	(en miles de tm)		%
Gasolinas	445,6	409,4	-8,1
Gasóleos	1.793,8	1.799,8	0,3
Gasóleo A	956,9	979,1	2,3
Outros combustibles	587,7	481,1	-18,1
<b>Total</b>	<b>2.797,2</b>	<b>2.690,1</b>	<b>-3,8</b>

Fonte: IGE

CADRO 3.4.27.

**Matriculacións de vehículos 1999-00**

	1999	2000	00/99
			%
Camións e furgonetas	13.593	11.881	-12,6
Autobuses	317	222	-30,0
Turismos	82.905	78.988	-4,7
Motocicletas	2.286	2.247	-1,7
Tractores industriais	1.037	1.015	-2,1
<b>Total</b>	<b>100.138</b>	<b>94.353</b>	<b>-5,8</b>

Fonte: IGE

influenciado pola evolución da marxe de actividade e da rotación de activos. A rendibilidade financeira medrou ata os 17,2% (14% no ano anterior) sendo este crecemento debido a evolución da rendibilidade económica e á redución do custo da débeda.

## Transportes

Dentro do sector transporte considérase tanto os transportes de pasaxeiros como de mercadorías nas diferentes modalidades: estrada, ferrocarril, aéreo e marítimo. A análise faise a partires dos datos presentados polo IGE, o INE, o Ministerio de Fomento, Renfe, as autoridades portuarias, AENA e Ardán.

Un primeiro indicador aproximativo da evolución da demanda de transportes sería o correspondente á venda de combustibles, que se reflicte no **cadro 3.4.26**. A venda total de combustibles líquidos en Galicia no ano 2000 descendeu un 3,8% ata as 2.690,1 miles de toneladas. Fronte a este descenso, a venda de gasóleos e gasóleo A medrou en Galicia (un 0,3% e 2,3%, respectivamente).

A poboación ocupada no subsector “transportes e actividades anexas. Comunicaci3ns” no

ano 2000 –**cadro C.3.2**. (*Poboaci3n ocupada 1999-00: distribuci3n por ramas de actividade*)– ascendeu a 45,2 miles de persoas, fronte 3s 45,5 miles de persoas do ano anterior. Comparada coa poboaci3n ocupada no sector servicios, o subsector transportes acolle o 8,7% da mesma, fronte 3 9,2% do ano anterior.

Unha primeira aproximaci3n 3 subsector transporte est3 recollida no **cadro C.3.30**. (*Transporte de mercadorías e pasaxeiros 1999-00: datos xerais*), onde se resumen os datos do transporte de mercadorías e viaxeiros nos diferentes medios de transporte. Como se pode apreciar, o transporte por estrada 3 o m3is importante 3 hora de falar tanto do tr3fico de pasaxeiros como no de mercadorías. En segundo lugar sitúase o ferrocarril no que 3 tr3fico de pasaxeiros se refire, e o marítimo no caso das mercadorías.

### • Transporte por estrada

Os datos sobre os medios de transporte por estrada recollidos no **cadro 3.4.27** reflicten un descenso da matriculaci3n de vehículos do 5,8% no ano 2000 respecto 3 ano anterior para situarse nas 94.353 matriculaci3ns fronte 3s 100.138 do ano 1999. Este cadro amosa que este descenso prodúcese nos distintos medios de transporte,

## CADRO 3.4.28.

**Transporte urbano: viaxeiros transportados en autobús nas CC.AA.  
1999-00**

	1999	2000 (1)	00//99
	(en miles de persoas)		%
Andalucía	239.617	244.917	2,21
Aragón	104.679	106.293	1,54
Asturias	35.645	36.445	2,24
Canarias	55.558	55.988	0,77
Cantabria	19.365	19.490	0,65
Castela e León	70.583	71.639	1,50
Castela - A Mancha	18.491	18.243	-1,34
Cataluña	268.524	281.567	4,86
C. Valenciana	139.982	136.575	-2,43
Extremadura	12.302	13.341	8,45
<b>Galicia</b>	<b>56.235</b>	<b>57.188</b>	<b>1,69</b>
Madrid	558.833	554.211	-0,83
País Vasco	66.120	63.569	-3,86
Outras	77.305	78.726	1,84
<b>Total</b>	<b>1.723.239</b>	<b>1.738.192</b>	<b>0,87</b>

(1) datos provisionais  
Fonte: INE

sendo o máis importante, en termos relativos, o experimentado no caso dos autobuses, onde o descenso foi do 30%.

O número de viaxeiros do transporte urbano en autobús, **cadro 3.4.28.**, ascendeu no ano 2000, a 57.188 miles de usuarios, o que representa o 3,3% do total de pasaxeiros en España. Ó contrario do acontecido en 1999, no ano 2000 Galicia experimentou un crecemento do 1,7% no número de viaxeiros, sendo a quinta comunidade con maior aumento, só por detrás de Extremadura, Cataluña, Asturias e Andalucía (no conxunto do estado o número de viaxeiros aumenta un 0,9%).

No concernente ó transporte de mercadorías, o **cadro 3.4.29.** reflicte un aumento no número total de toneladas transportadas do 6,5% respecto a 1999, para situarse nas 64.294 miles de toneladas transportadas. Comparado co total de mercadorías cargadas e descargadas en España, o crecemento galego é inferior ó experimentado en España que foi do 14,3% respecto ó ano anterior. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a décimo quinta comunidade en canto a taxa de crecemento se refire, superando a Aragón e Castela e León.

O devandito cadro amosa a que en Galicia a importancia relativa do comercio interrexional

foi o 25,0% do total do tráfico galego, en tanto que España esa porcentaxe foi do 23,6% no mesmo período de tempo.

#### • O transporte ferroviario

O número de viaxeiros con orixe nas estacións galegas no ano 2000 descendeu ata as 3.412,7 miles de persoas, un 3,2% inferior ó rexistrado o ano anterior, que representan o 0,78% dos pasaxeiros no conxunto das estacións do estado. O **cadro 3.4.30.** reflicte a importancia do corredor Vigo-A Coruña, onde as estacións de Vigo, Santiago e A Coruña acollen o 59,4% do viaxeiros.

Comparado co ano 1999, Galicia experimenta un descenso tanto no número de viaxeiros con orixe como con destino na comunidade (3,9% e 3,4%, respectivamente). Atendendo á distribución provincial, o **cadro 3.4.31.** amosa que tan só aumenta o número de viaxeiros con destino en Ourense, experimentándose un descenso no resto dos casos.

Pola banda dos transportes de mercadorías, **cadro 3.4.32.**, no ano 2000 descendeu o volume total de mercadorías transportadas un 9,9% respecto ó ano anterior. Das 2.911,3 miles de toneladas transportadas, o 60,5% tivo o seu destino en Galicia (un 9,4% menos que no ano anterior)

**Transporte por estrada: mercadorías cargadas e descargadas nas  
CC.AA. 1999-00**

	1999	2000	00/99
	(en miles de Tn)		%
<b>Andalucía</b>			
total	131.627	151.226	14,9
%interrexional	22,4	21,1	-5,7
<b>Aragón</b>			
total	46.147	48.614	5,3
%interrexional	57,8	58,9	1,9
<b>Asturias</b>			
total	29.033	32.880	13,3
%interrexional	43,4	39,9	-8,1
<b>Baleares</b>			
total	14.676	15.728	7,2
%interrexional	--	--	--
<b>Canarias</b>			
total	15.205	12.534	-17,6
%interrexional	--	--	--
<b>Cantabria</b>			
total	20.730	23.854	15,1
%interrexional	56,5	50,1	-11,4
<b>Castela A Mancha</b>			
total	59.417	69.360	16,7
%interrexional	56,7	54,2	-4,4
<b>Castela e León</b>			
total	94.526	100.553	6,4
%interrexional	43,7	44,6	2,1
<b>Cataluña</b>			
total	161.622	186.474	15,4
%interrexional	26,5	24,5	-7,6
<b>Com. Valenciana</b>			
total	123.766	145.743	17,8
%interrexional	36,1	34,6	-4,2
<b>Extremadura</b>			
total	19.082	21.022	10,2
%interrexional	43,7	47,6	8,9
<b>Galicia</b>			
total	60.352	64.294	6,5
%interrexional	25,5	25,0	-1,9
<b>Madrid</b>			
total	68.570	82.817	20,8
%interrexional	59,8	58,7	-1,9
<b>Murcia</b>			
total	30.801	40.999	33,1
%interrexional	58,4	53,4	-8,6
<b>Navarra</b>			
total	29.160	31.947	9,6
%interrexional	60,2	60,2	0,0
<b>País Vasco</b>			
total	70.521	79.626	12,9
%interrexional	49,6	47,6	-4,1
<b>A Ríoxa</b>			
total	13.082	14.331	9,5
%interrexional	76,3	70,3	-7,9
<b>Total</b>			
total	793.910	907.788	14,3
%interrexional	24,5	23,6	-3,8

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

## CADRO 3.4.30.

## Tráfico ferroviario 1999-00: viaxeiros nas principais estacións

	1999	2000
A Coruña	663.988	633.457
Santiago	764.814	827.056
Ferrol	39.550	34.455
Lugo	30.608	27.700
Monforte	57.679	55.413
Ourense	223.610	158.565
Pontevedra	323.215	339.024
Vigo	530.049	565.617
Vilagarcía de Arousa	349.885	352.530
Redondela	48.597	36.373
O Carballino	48.032	47.502
Subtotal	3.080.027	3.077.692
<b>Total estacións galegas</b>	<b>3.526.644</b>	<b>3.412.728</b>
España (1)	418.915	437.809
G/E (%)	0,84	0,78

(1) os datos de España están en miles de viaxeiros  
Fonte: Ministerio de Fomento e Renfe

## CADRO 3.4.31.

## Tráfico ferroviario de viaxeiros 1999-00

	Total		
	1999	2000	00/99
			%
<b>A Coruña</b>			
Orixe	1.655.034	1.589.575	-4,0
Destino	1.769.500	1.667.181	-5,8
<b>Lugo</b>			
Orixe	107.928	102.542	-5,0
Destino	136.537	123.521	-9,5
<b>Ourense</b>			
Orixe	387.839	377.405	-2,7
Destino	323.528	346.032	7,0
<b>Pontevedra</b>			
Orixe	1.427.802	1.370.307	-4,0
Destino	1.339.370	1.311.903	-2,1
<b>Total</b>			
Orixe	3.578.603	3.439.829	-3,9
Destino	3.568.935	3.448.637	-3,4

Fonte: Renfe

## CADRO 3.4.32.

## Tráfico ferroviario de mercadorías 1999-00

	Total		
	1999	2000	00/99
	(en Tm)		%
<b>A Coruña</b>			
Orixe	508.427	438.274	-13,8
Destino	589.349	595.207	1,0
<b>Lugo</b>			
Orixe	139.480	199.195	42,8
Destino	171.270	176.786	3,2
<b>Ourense</b>			
Orixe	32.400	2.051	-93,7
Destino	237.800	409.596	72,2
<b>Pontevedra</b>			
Orixe	606.406	509.654	-16,0
Destino	946.775	580.582	-38,7
<b>Total</b>			
Orixe	1.286.713	1.149.174	-10,7
Destino	1.945.194	1.762.171	-9,4

Fonte: Renfe

CADRO 3.4.33.

**Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 1999-00**

	1999	2000	00/99
			%
Ferrol-San Cibrao	-	2.675	-
A Coruña	25.584	36.123	41,2
Marín-Pontevedra	-	-	-
Vigo	51.021	59.564	16,7
Vilagarcía	5.258	4.838	-8,0
<b>Total</b>	<b>81.863</b>	<b>103.200</b>	<b>26,1</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>17.761.707</b>	<b>18.744.953</b>	<b>5,5</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>0,46</b>	<b>0,55</b>	

Fonte: Puertos del Estado

CADRO 3.4.34.

**Tráfico total nos portos de interese xeral 1999-00**

	1999	2000	2000/99
	(en Tm)		%
Ferrol-San Cibrao	8.493.984	8.498.596	0,1
A Coruña	12.057.451	12.681.887	5,2
Marín-Pontevedra	1.754.223	1.683.865	-4,0
Vigo	3.208.261	3.610.104	12,5
Vilagarcía	784.389	1.001.564	27,7
<b>Total</b>	<b>26.298.308</b>	<b>27.476.016</b>	<b>4,5</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>320.829.617</b>	<b>337.853.673</b>	<b>5,3</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>8,20</b>	<b>8,13</b>	

Fonte: Puertos del Estado

en tanto que o 39,5% restante tivo a súa orixe en Galicia (un 10,7% inferior ó volume transportado en 1999).

A provincia de Pontevedra, que é a que presenta o maior volume de transporte de mercadorías (o 37,4% do total galego), rexistrou no ano 2000 un descenso do 29,8% no volume total de mercadorías transportadas. A Coruña, por mor da o descenso das mercadorías con orixe nesa provincia, experimenta un descenso do 5,9% no transporte de mercadorías. Pola contra, as provincias de Ourense e Lugo presentan un crecemento do volume total de mercadorías transportadas do 52,3% e 21%, respectivamente.

• **O transporte marítimo**

O tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral ascendeu a 103.200 persoas no ano 2000, o que supón o 0,55% do total de pasaxeiros nos portos españois. Como reflicte o **cadro 3.4.33.**, o porto de Vigo é o máis importante ó acoller un total de 59.564 pasaxeiros, un 16,7% máis que en 1999, en tanto que A Coruña,

tras un aumento do 41,2%, acada os 36.123 pasaxeiros.

En relación ó movemento de mercadorías nos portos de interese xeral, **cadro 3.4.34.**, o tráfico portuario total no ano 2000 ascendeu a 27.476 miles de toneladas, un 4,5% superior ó existente no ano anterior. O porto de A Coruña é o que presenta un maior tráfico en canto ó volume de toneladas con 12.682 miles de toneladas, que representan o 46,2% do total dos portos de interese xeral de Galicia.

Desagregando o estudio atendendo ás diferentes mercadorías, tal e como se recolle no **cadro 3.4.35.**, nos portos de interese xeral salienta, en termos absolutos, o transporte de graneis sólidos que acada os 12.400,9 miles de toneladas, sendo o porto de Ferrol-San Cibrao o porto máis significativo ó mover o 56,8% desta mercadoría (7.045 miles de toneladas). Salienta tamén o movemento dos graneis líquidos, con 8.777 miles de toneladas. O porto de A Coruña é o máis importante, ó transportalo 87% dos mesmos (7.632 miles de toneladas).

## CADRO 3.4.35.

## Tráfico de mercadorías nos portos de interés xeral 1999-00

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	(en Tm)					
Ferrol-San Cibrao	896.042	822.623	7.137.385	7.045.159	403.566	588.313
A Coruña	7.361.145	7.632.430	3.303.875	3.726.790	259.372	295.934
Marín-Pontevedra	-	-	716.389	703.709	929.968	862.942
Vigo	51.157	43.314	429.852	504.171	2.590.505	2.935.232
Vilagarcía	145.100	279.120	386.035	421.105	239.814	289.401
<b>Total</b>	<b>8.453.444</b>	<b>8.777.487</b>	<b>11.973.536</b>	<b>12.400.934</b>	<b>4.423.225</b>	<b>4.971.822</b>
Total Portos do Estado	118.468.239	124.838.309	88.859.935	92.273.398	101.376.086	108.950.583
G/E (%)	7,14	7,03	13,47	13,44	4,36	4,56

  

	Pesca fresca		Avituallamento		Tráfico local	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	(en Tm)					
Ferrol-San Cibrao	348	146	24.910	32.213	31.733	10.142
A Coruña	46.304	43.699	193.804	204.790	892.951	778.244
Marín-Pontevedra	8.927	8.182	98.939	109.009	2	23
Vigo	85.275	75.831	51.160	51.221	312	335
Vilagarcía	-	-	8.130	11.938	5.310	-
<b>Total</b>	<b>140.854</b>	<b>127.858</b>	<b>376.943</b>	<b>409.171</b>	<b>930.308</b>	<b>788.744</b>
Total Portos do Estado	398.426	270.186	8.272.315	8.061.845	3.454.616	3.459.352
G/E (%)	35,35	47,32	4,56	5,08	26,93	22,80

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas *Autoridades Portuarias* e *Puertos del Estado*

## CADRO 3.4.36.

## Movemento de mercadorías descargadas e cargadas 2000

	Graneis sólidos	Mercadoría xeral	Total
	(en Tm)		
Ribadeo	130.954	202.642	333.596
Burela	25.052	9.053	34.105
Viveiro/Celanova	110.138	-	110.138
Cariño	679.267	-	679.267
Muxía	-	-	-
Laxe	4.082	13.445	17.527
Sada	126.957	6.327	133.284
Camariñas	-	-	-
Cee	184.735	3.063	187.798
Muros	-	-	-
Corcubión	-	-	-
A Pobra	9.841	111.019	120.860
Ribeira	11.601	89.724	101.325
Moaña	-	-	-
<b>Total</b>	<b>1.282.627</b>	<b>435.273</b>	<b>1.717.900</b>

Fonte: *Portos de Galicia*

En termos relativos, é importante o transporte de pesca fresca, que representa o 47,3% do total do transporte desta mercadoría en España, sendo o porto de Vigo o máis importante, ó acoller o 59,3% do total de Galicia e o 28,1% do total do tráfico de pesca fresca en España.

Tamén ten un peso relativo importante o tráfico local, que representaría o 22,8% do total dos portos estatais, e onde o porto de A Coruña

sobresae de maneira importante ó acolle-lo 98,7% do total dos portos de interese xeral en Galicia e o 22,5% dos portos estatais.

Nos portos pertencentes a Portos de Galicia, o tráfico total de pasaxeiros ascendeu no ano 2000 a 1.975.472 persoas. Respecto ó movemento de mercadorías descargadas e cargadas no ano 2000, este ascendeu a 1.717,9 miles de toneladas (1.282,6 miles de toneladas corres-

CADRO 3.4.37.

Tráfico aéreo 1999-00: aeronaves <sup>(1)</sup>

	1999	2000		00/99	
		Total	Interior		Internacional
				%	
A Coruña	7.234	9.012	8.272	740	24,6
Santiago	16.313	16.328	12.259	4.069	0,1
Vigo	8.821	10.266	7.961	2.305	16,4
<b>Total</b>	<b>32.368</b>	<b>35.606</b>	<b>28.492</b>	<b>7.114</b>	<b>10,0</b>
<b>Total España</b>	<b>1.376.782</b>	<b>1.497.107</b>	<b>801.048</b>	<b>696.059</b>	<b>8,7</b>
G/E (%)	2,35	2,38	3,56	1,02	

(1) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)  
Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 3.4.38.

Tráfico aéreo 1999-00: pasaxeiros <sup>(1)</sup>

	1999	2000		00/99	
		Total	Interior		Internacional
				%	
A Coruña	490.889	580.900	571.050	9.850	18,3
Santiago	1.316.457	1.291.328	1.144.886	146.442	-1,9
Vigo	620.517	721.260	684.764	36.496	16,2
<b>Total</b>	<b>2.427.863</b>	<b>2.593.488</b>	<b>2.400.700</b>	<b>192.788</b>	<b>6,8</b>
<b>Total España</b>	<b>126.693.764</b>	<b>138.614.266</b>	<b>57.453.166</b>	<b>81.161.100</b>	<b>9,4</b>
G/E (%)	1,9	1,9	4,2	0,2	

(1) Non se inclúen pasaxeiros en tránsito directo internacional nin outras Clases de Tráfico  
Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 3.4.39.

Tráfico aéreo 1999-00: mercadorías <sup>(1)</sup>

	1999	2000		00/99	
		Total	Interior		Internacional
				%	
		(en Tm)			
A Coruña	475.715	869.268	865.504	3.764	82,7
Santiago	5.000.483	6.627.536	3.258.285	3.369.251	32,5
Vigo	1.333.506	3.297.661	1.358.100	1.939.561	147,3
<b>Total</b>	<b>6.809.704</b>	<b>10.794.465</b>	<b>5.481.889</b>	<b>5.312.576</b>	<b>58,5</b>
<b>Total España</b>	<b>583.485.189</b>	<b>607.520.286</b>	<b>255.120.926</b>	<b>352.399.360</b>	<b>4,1</b>
G/E (%)	1,2	1,8	2,1	1,5	

(1) Non se inclúen mercadorías en Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)  
Fonte: Ministerio de Fomento

ponden a graneis sólidos), ascendendo o volume total de pesca descargada nestes portos a 85.644 toneladas.

O **cadro 3.4.36.** amosa a desagregación deste movemento de mercadorías segundo o porto onde se realiza a carga e descarga. O porto de Cariño é o máis importante con 679.267 toneladas, seguido do porto de Ribadeo, con 333.596 toneladas. Entre ámbolos dous portos acollen o 59% do volume total de mercadorías.

• **O transporte aéreo**

A análise do transporte aeroportuario parte da consideración do tráfico de aeronaves nos aeroportos galegos. No ano 2000 o número de aeronaves (sen incluí-las aeronaves militares, de estado, privados e traballos aéreos) foi de 35.606, un 10% superior ó do ano anterior, cifra que significou o 2,4% do total de movementos de aeronaves en España. O **cadro 3.4.37.** reflicte que o aeroporto de Santiago acolleu o 45,9%



## CADRO 3.4.40.

## Sector dos transportes e servicios asociados 1999: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
			(en millóns de pesetas)			
Transporte de pasaxeiros	101	24.968,90	13.903,85	3.836,40	25.311,27	32
Transporte de mercadorías por estrada	318	78.972,52	22.543,10	6.917,64	50.082,20	14
Transporte marítimo	12	5.112,22	2.344,63	476,18	6.791,80	14
Axentes consignatarios e de aduanas	37	15.606,86	2.976,21	854,45	12.146,47	15
Manipulación e depósito de mercadorías	32	11.556,40	6.165,89	1.159,02	12.824,49	43
Outras actividades anexas ós transportes	59	33.252,21	13.605,79	5.786,46	227.765,89	20
Estacións de servizo e gasoleiras	175	70.423,80	5.620,12	1.732,89	19.081,27	7
Servicios relacionados co automóbil	232	38.987,03	10.952,64	3.011,36	29.348,93	12
<b>Total</b>	<b>966</b>	<b>278.879,96</b>	<b>78.112,21</b>	<b>23.774,39</b>	<b>383.352,31</b>	<b>16</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	9,14%	4,71%	6,69%	6,83%	8,56%	

Fonte: Ardán

do total de aeronaves en Galicia, seguida de Vigo cun 28,8% e o de A Coruña co 25,3%. Os aeroportos de Vigo e A Coruña rexistraron un crecemento do 16,4% e do 24,6%, respectivamente, respecto ó ano anterior, en tanto que no caso do aeroporto santiagués, o número de aeronaves permaneceu practicamente constante.

O tráfico de pasaxeiros nos aeroportos galegos, **cadro 3.4.38.**, rexistrou unha cifra de 2.593,5 miles de persoas, un 6,8% superior ó número de viaxeiros do ano anterior. O aeroporto de Santiago, a pesares do descenso rexistrado no ano 2000, é quen máis tráfico de pasaxeiros presenta ó acoller o 49,8% do total de pasaxeiros en Galicia, seguido do aeroporto de Vigo cun 27,8%, e o de A Coruña cun 22,4%.

En relación ó tráfico de mercadorías, **cadro 3.4.39.**, no ano 2000 prodúcese un importante crecemento do volume total de mercadorías transportadas (un 58,5% máis respecto ó ano anterior) para situarse nos 10.794,5 miles de toneladas (o 1,8% do total español). Salienta o aumento rexistrado no aeroporto de Vigo, que medrou un 147,3% respecto ó ano anterior, e o 82,7% do aeroporto de A Coruña.

#### • Indicadores empresariais

Das empresas seleccionadas por Ardán no período 98-99, un total de 966 empresas (o 9,1% do total) dedícanse ó subsector dos transportes e servicios asociados, sendo o seu emprego

medio, segundo os datos facilitados por elas mesmas, de 16 traballadores por empresa. O VEB xerado por estas 966 empresas (78.112,2 millóns de pesetas) representa o 6,7% do VEB total xerado polas 10.572 empresas galegas analizadas, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación (278.880 millóns de pesetas) foi do 4,7% no período 98-99.

As tres actividades máis importantes en canto á xeración do VEB se refire son as actividades de transporte de mercadorías por estrada, con 22.543,1 millóns de pesetas, as de transporte de pasaxeiros, con 13.903,9 millóns de pesetas, e as de outras actividades anexas ós transportes, con 13.605,4 millóns de pesetas. En conxunto, estas empresas xeran un total de 50.052,4 millóns de pesetas, que representan o 60,1% do VEB total xerado polas empresas consideradas neste subsector.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización son, tal e como recolle o **cadro 3.4.41.**, A Coruña, con 22.077,5 millóns de pesetas (un 52,6% máis que no ano anterior) e Vigo, con 11.189,1 millóns de pesetas, que acollen o 42,6% do VEB xerado neste grupo de actividades.

A conta de explotación agregada destas 966 empresas amosa que 1999 foi un bo ano para as empresas de transporte, xa que o seu resultado neto do exercicio e o resultado antes

CADRO 3.4.41.

**Sector dos transportes e servizos asociados 1998-99:  
principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
A Coruña	14.471,32	22.077,52	52,6
Vigo	10.189,61	11.189,07	9,8
Santiago	3.458,90	3.997,08	15,6
Lugo	2.949,15	3.400,78	15,3
Ferrol	2.768,11	2.886,03	4,3
Mos	2.505,89	2.813,12	12,3
Marín	2.337,69	2.614,03	11,8
Ourense	1.543,02	1.703,20	10,4

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.42.

**Evolución da actividade no sector dos transportes e servizos asociados 1998-99:  
ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	252.808,96	100,00	278.879,96	100,00	10,31
Consumo e outros gastos de explotación	187.417,07	74,13	200.767,75	71,99	7,12
Valor engadido bruto a custo dos factores	65.391,89	25,87	78.112,21	28,01	19,45
Gastos de persoal	41.439,55	16,39	45.155,82	16,19	8,97
Resultado económico bruto da explotación	23.952,35	9,47	32.956,40	11,82	37,59
Amortizacións	10.712,22	4,24	12.002,02	4,30	12,04
Resultado económico neto da explotación	13.240,13	5,24	20.954,38	7,51	58,26
Resultado financeiro	- 5.722,08	-2,26	- 3.873,19	-1,39	32,31
Ingresos financeiros	2.220,98	0,88	1.556,31	0,56	-29,93
Gastos financeiros	7.943,06	3,14	5.429,50	1,95	-31,64
Resultado de actividades ordinarias	7.518,05	2,97	17.081,19	6,12	127,20
Resultado de actividades extraordinarias	4.620,14	1,83	1.552,04	0,56	-66,41
Resultado antes de impostos	12.138,19	4,80	18.633,22	6,68	53,51
Impostos	3.994,67	1,58	6.313,15	2,26	58,04
Resultado neto do exercicio	8.143,52	3,22	12.320,07	4,42	51,29
Cash-flow	18.173,66	7,19	23.774,39	8,52	30,82

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.43.

**Evolución do investimento e do financiamento  
no sector dos transportes e servizos asociados 1998-99**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	357.968,17	100,00	383.352,31	100,00	7,1
Activo fixo (neto)	272.893,56	76,23	295.314,07	77,03	8,2
Gastos amortizables	2.990,38	0,84	12.182,30	3,18	307,4
Inmovilizado inmaterial	14.163,30	3,96	16.601,42	4,33	17,2
Inmovilizado material	238.780,80	66,70	252.410,17	65,84	5,7
Outro inmovilizado	16.613,52	4,64	13.861,74	3,62	-16,6
Outro activo fixo	345,56	0,10	258,44	0,07	-25,2
Circulante neto	85.074,61	23,77	88.038,24	22,97	3,5
Existencias	7.497,26	2,09	8.453,72	2,21	12,8
Debedores	47.120,65	13,16	54.797,78	14,29	16,3
Tesourería	13.117,78	3,66	14.565,94	3,80	11,0
Outro activo circulante	17.338,92	4,84	10.220,80	2,67	-41,1
Fontes de financiamento	357.968,17	100,00	383.352,31	100,00	7,1
Financiamento permanente	285.928,16	79,88	304.167,15	79,34	6,4
Fondos propios	121.058,70	33,82	130.296,72	33,99	7,6
Recursos alleos l/p	162.835,61	45,49	171.710,78	44,79	5,5
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2.033,84	0,57	2.159,65	0,56	6,2
Acreeedores a curto prazo	72.040,01	20,12	79.185,17	20,66	9,9
Fondo de rotación	13.034,60	3,64	8.853,08	2,31	-32,1

Fonte: Ardán

## CADRO 3.4.44.

## Sector dos transportes e servizos asociados 1998-99: estudio económico-financiero

## Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	8,90	10,22	30,58	24,18	19,41	15,92	2,97	3,25	0,91	0,93	5,12	3,45
1998	8,32	11,50	30,95	23,97	19,45	16,24	3,42	3,25	1,08	1,08	5,02	3,17

## Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%				%				%			
1999	7,11	6,67	3,53	3,50	1,85	1,88	15,98	18,11	2,55	2,24	1,89	2,45
1998	7,29	6,48	3,90	3,47	1,81	1,84	17,40	16,77	2,95	2,53	2,01	2,56

Fonte: Ardán

de impostos medraron por riba do 50% en relación ós datos do ano anterior. Asemade, o resultado de actividades ordinarias medrou un 127,2% para situarse nos 17.081,2 millóns de pesetas.

O VEB no ano 1999 medrou un 19,5% respecto ó ano anterior, e dado o crecemento dos ingresos de explotación (10,3%), o peso relativo do VEB a custo de factores aumentou dende o 25,9% de 1998 ata o 28% do ano 1999.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.4.43.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 10,1% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 8.853,1 millóns de pesetas, un 32,1% inferior ó existente o ano anterior. O 79,9% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 79,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 7,6% respecto ó ano anterior, supoñen o 34% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 5,5%, cun peso relativo do 44,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 383.352,3 millóns de pesetas, un 7,1% superior ó valor de 1998, dos que 295.314,1 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 8,2% superior ó existente o ano anterior). Os 88.038,2 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 3,5% en relación a 1998.

Finalmente, o **cadro 3.4.44.** recolle a análise económica e financeira. Este reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, unha caída respecto ós ingresos do VEB e da carga financeira, permanecendo practicamente constante a relación gastos de persoal/ingresos. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 1,3 puntos inferior, ó contrario que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos que é 6,4 puntos porcentuais superior.

O devandito **cadro 3.4.44.** amosa que as rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 1999. A primeira, por mor da evolución seguida pola marxe de actividade e a segunda, pola evolución seguida

**Sector dos servizos a empresas 1999: actividades que comprende o grupo**

Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio	
<i>(en millóns de pesetas)</i>						
Serv. de limpeza, desinfect. e conservación	45	12.817,14	8.469,01	743,92	37.868,70	104
Publicidade	66	13.988,35	2.886,83	637,01	7.086,27	25
Serv. xuríd. de cont., asesor. e estud. mdo.	67	9.146,53	5.695,69	932,07	15.122,83	20
Serv. técn. de arquic. e exeñ. e activ. relac.	84	14.738,68	6.596,83	1.328,18	14.548,58	15
Intermediarios de comercio	157	45.579,07	8.475,95	2.320,29	88.897,48	12
Servizos comerciais	67	28.708,37	18.250,98	1.782,70	16.056,33	82
Servizos funerarios	19	3.174,75	1.417,21	479,66	3.871,17	16
<b>Total</b>	<b>505</b>	<b>128.152,89</b>	<b>51.792,50</b>	<b>8.223,83</b>	<b>183.451,36</b>	<b>33</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	4,78%	2,16%	4,44%	2,36%	4,09%	

Fonte: Ardán

pola rendibilidade económica xa que o custo da débeda cae no ano 1999. O devandito **cadro 3.4.44.** amosa que a rendibilidade económica é superior á rexistrada polas 10.572 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

### Servizos a empresas

Os servizos ás empresas son un conxunto de servizos intermedios que sociedades especializadas propoñen a outras empresas a fin de incrementa-la súa eficacia, a súa produtividade e a súa concorrencia. Seguindo a metodoloxía de Ardán, o subsector servizos a empresas está composto polos servizos de limpeza, desinfección e conservación; publicidade; servizos xurídicos de contabilidade, asesoramento e estudos de mercado; servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría e actividades relacionadas; intermediarios de comercio; servizos comerciais e servizos funerarios.

Unha aproximación á poboación ocupada neste subsector pode facerse a partires dos datos recollidos no epígrafe “outros servizos” do **cadro C.3.2.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución por ramas de actividade*). Do mesmo, despréndese un crecemento do número de ocupados no ano 2000 do 6,7%, situándose a poboación ocupada nas 100,3 miles de persoas que representan o 19,4% do total da ocupación no sector servizos en Galicia. Comparado co total de España, a poboación ocupada en Galicia nos

“outros servizos” representa o 5,0% do total do estado fronte ós 5,1% do ano anterior.

#### • *Indicadores empresariais*

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector servizos a empresas ascendeu a 505 empresas en 1999, o que supuña o 4,8% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 33 traballadores por empresa. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector servizos empresariais representa o 4,4% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 2,2% no ano 1999 (**cadro 3.4.45.**).

Entre as diversas actividades que comprende este subsector, salientan as empresas de servizos comerciais, que xeran un VEB de 18.251 millóns de pesetas, seguidas das actividades de intermediarios de comercio, con 8.476 millóns, e dos servizos de limpeza, desinfección e conservación, con 8.469 millóns de pesetas. Estes tres grupos de actividade acollen o 68% do VEB total xerado polo subsector de servizos empresariais.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.4.46.**, son A Coruña,

**CADRO 3.4.46.**
**Sector dos servizos a empresas 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
A Coruña	14.249,22	16.519,44	15,9
Vigo	8.768,69	9.685,43	10,5
Lugo	3.954,71	4.653,44	17,7
Sada	3.139,30	4.131,90	31,6
Santiago	2.653,50	3.691,58	39,1
Ourense	2.121,74	2.327,96	9,7
Pontevedra	1.100,91	1.304,91	18,5
O Porriño	739,78	993,79	34,3

Fonte: Ardán

**CADRO 3.4.47.**
**Evolución da actividade no sector dos servizos 1998-99: ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	109.550,74	100,00	128.152,89	100,00	17,0
Consumo e outros gastos de explotación	65.675,34	59,95	76.360,39	59,59	16,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	43.875,40	40,05	51.792,50	40,41	18,0
Gastos de persoal	34.236,10	31,25	39.720,99	30,99	16,0
Resultado económico bruto da explotación	9.639,30	8,80	12.071,51	9,42	25,2
Amortizacións	2.360,57	2,15	2.904,42	2,27	23,0
Resultado económico neto da explotación	7.278,73	6,64	9.167,09	7,15	25,9
Resultado financeiro	370,72	0,34	178,73	-0,14	-
Ingresos financeiros	2.254,99	2,06	1.888,87	1,47	-16,2
Gastos financeiros	1.884,28	1,72	2.067,60	1,61	9,7
Resultado de actividades ordinarias	7.649,45	6,98	8.988,36	7,01	17,5
Resultado de actividades extraordinarias	- 144,60	-0,13	1.148,86	-0,90	-694,5
Resultado antes de impostos	7.504,85	6,85	7.839,50	6,12	4,5
Impostos	1.999,46	1,83	2.163,38	1,69	8,2
Resultado neto do exercicio	5.505,40	5,03	5.676,12	4,43	3,1
Cash-flow	7.646,58	6,98	8.223,83	6,42	7,5

Fonte: Ardán

**CADRO 3.4.48.**
**Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servizos a empresas 1998-99**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	127.676,31	100,00	183.451,36	100,00	43,68
Activo fixo (neto)	56.599,86	44,33	78.220,53	42,64	38,20
Gastos amortizables	1.057,74	0,83	1.454,64	0,79	37,52
Inmovilizado inmaterial	3.972,29	3,11	3.822,81	2,08	-3,76
Inmovilizado material	25.384,83	19,88	49.420,99	26,94	94,69
Outro inmovilizado	25.995,81	20,36	23.344,98	12,73	-10,20
Outro activo fixo	189,20	0,15	177,12	0,10	-6,39
Circulante neto	71.076,45	55,67	105.230,83	57,36	48,05
Existencias	6.679,33	5,23	7.431,03	4,05	11,25
Debedores	52.725,83	41,30	84.696,26	46,17	60,64
Tesourería	7.967,08	6,24	8.047,92	4,39	1,01
Outro activo circulante	3.704,21	2,90	5.055,62	2,76	36,48
Fontes de financiamento	127.676,31	100,00	183.451,36	100,00	43,68
Financiamento permanente	77.991,82	61,09	121.710,16	66,34	56,06
Fondos propios	40.146,31	31,44	45.521,96	24,81	13,39
Recursos alleos l/p	35.985,43	28,18	65.153,96	35,52	81,06
Ingresos distribuídos en varios exercicios	1.860,08	1,46	11.034,25	6,01	493,21
Acreedores a curto prazo	49.684,48	38,91	61.741,20	33,66	24,27
Fondo de rotación	21.391,97	16,75	43.489,63	23,71	103,30

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.49.

**Sector dos servizos a empresas 1998-99: estudio económico-financiero**  
**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	10,58	10,22	45,78	24,18	28,41	15,92	4,37	3,25	0,69	0,93	5,16	3,45
1998	8,27	11,50	46,07	23,97	27,57	16,24	4,72	3,25	0,74	1,08	4,96	3,17

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%						%					
1999	8,39	6,67	4,31	3,50	1,93	1,88	23,53	18,11	1,53	2,24	1,73	2,45
1998	9,11	6,48	4,68	3,47	1,87	1,84	26,12	16,77	1,74	2,53	1,80	2,56

Fonte: Ardán

con 16.519,4 millóns de pesetas, e Vigo, con 9.685,4 millóns de pesetas. En conxunto acollen o 50,6% do VEB xerado neste subsector.

A conta de explotación agregada destas 505 empresas amosa que no ano 1999 experimentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 3,1% para situarse nos 5.676,1 millóns de pesetas. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos medrou un 4,5%, ascendendo a 7.839,5 millóns de pesetas. O resultado de actividades ordinarias medrou un 17,5% para situarse en 8.988,4 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 18%, un punto máis que o que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB aumentou dende o 40,1% de 1998 ata o 40,4% do ano 1999.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.4.48.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fíxo neto, e un 41,3% do circulante neto. O fondo de rotación presenta un valor positivo de 43.489,6 millóns de pesetas. No concernente ás fontes de financiamento, o 66,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,4% respecto ó ano

anterior, supoñen o 24,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 81,1% cun peso relativo do 35,5% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 183.451,4 millóns de pesetas, un 43,7% superior ó valor de 1999, dos que 78.220,5 millóns de pesetas corresponden ó activo fíxo neto (un 38,2% superior ó existente o ano anterior). Os 105.230,8 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 48,1% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.4.49.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, unha caída respecto ós ingresos do VEB, un aumento do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é lixeiramente superior (0,4 puntos porcentuais), e no caso da evolución do VEB sobre os ingresos é 21,6 puntos porcentuais superior.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 1999, acadando o 8,4% e 23,5%, respectivamente. A pri-

## Oficinas das entidades de depósito 1999-00

	Oficinas			2000		
	1999	2000	99/98 %	Bancos	Caixas %/Total	Cooperativas
A Coruña	920	914	-0,7	59,7	40,2	0,1
Lugo	386	372	-3,6	56,2	35,2	8,6
Ourense	432	418	-3,2	48,3	51,4	0,2
Pontevedra	777	770	-0,9	53,2	46,8	0,0
<b>Total</b>	<b>2.515</b>	<b>2.474</b>	<b>-1,6</b>	<b>55,3</b>	<b>43,4</b>	<b>1,4</b>
<b>Total España</b>	<b>38.987</b>	<b>39.046</b>	<b>0,2</b>	<b>40,7</b>	<b>49,4</b>	<b>10,0</b>

Fonte: Banco de España

meira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, xa que o custo da débeda cae ese ano. O devandito **cadro 3.4.49.** amosa que, a pesares deste descenso, as rendibilidades económica e financeira son superiores ás rexistradas polas 10.572 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

### Servicios financeiros

Á hora de analiza-lo sector financeiro galego, partírase da información facilitada polo Banco de España, a Asociación Española de Banca, as Caixas de Aforros e a Bolsa de Madrid.

Na primeira parte deste subsector comentárase a situación do sistema financeiro galego, analizando tanto a situación das entidades crediticias, como a das outras institucións financeiras, onde incluímo-lo estudio instrumentos financeiros como as sociedades de capital risco ou as sociedades de garantía recíproca. Nunha segunda parte farase referencia ós mercados financeiros, onde salienta que en 1999 a capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa (sen ter en conta a Tafisa e Coto Cortés) ascendeu a 1.599,4 miles de millóns de pesetas, un 29,8% superior á experimentada o ano anterior.

#### • Entidades crediticias

O número de oficinas de entidades de depósito implantadas en Galicia no ano 2000, **cadro 3.4.50.**, ascendeu a 2.474, 41 oficinas

menos que as rexistradas no ano anterior. Comparado coa situación a nivel estatal, a importancia relativa da comunidade galega respecto ó total estatal no referente ó número de oficinas situouse no 6,3% no ano 2000, fronte ó 6,5% do ano anterior. O número de oficinas descende en tódalas provincias galegas, sendo A Coruña a que máis oficinas acolle, con 914 (6 menos que en 1999), seguida de Pontevedra, con 770 (7 menos).

Do total das 2.474 oficinas implantadas en Galicia no ano 2000, o 55,3% corresponden ós bancos, e o 43,4% ás caixas de aforros, en tanto que ás cooperativas de crédito, que só teñen presenza significativa en Lugo, correspóndelles un 1,4%. Comparado co total de España, a importancia relativa das oficinas bancarias no total de oficinas de entidades crediticias en Galicia, é moi superior á que presentan en España, en tanto que no caso das caixas de aforros e das cooperativas dáse a situación contraria.

Á análise da actividade das entidades de depósito en Galicia baséase no estudio do balance dos bancos e das caixas de aforros, recollidos nos **cadros 3.4.51. e 3.4.52.** Por unha banda, o balance da banca galega aumentou un 7,2% respecto a 1999 para situarse nos 2.098,5 miles de millóns de pesetas.

Pola outra, segundo os datos recollidos no **cadro 3.4.52.**, as caixas de aforros galegas presentaron unha evolución positiva no que ós seus resultados se refire, aumentando o activo total, os recursos alleos, os beneficios antes de impostos ou o beneficio neto das mesmas.

CADRO 3.4.51.

**Balances resumidos da banca galega 1999-00**

	1999	2000	00/99
	(en millóns de pesetas)		%
<b>Activos</b>			
Caixas e depósitos en bancos centrais	33.516	28.003	-16,4
Entidades de crédito	380.572	354.987	-6,7
Carteira de valores (1)	283.318	327.684	15,7
Investimentos crediticios (neto) (2)	1.172.301	1.251.675	6,8
Outros activos	87.645	136.190	55,4
<b>Pasivos</b>			
Entidades de crédito	373.934	401.871	7,5
Recursos propios (3)	125.142	124.474	-0,5
Recursos alleos (4)	1.379.328	1.450.246	5,1
Outros pasivos	78.948	121.946	54,5
<b>Total balance</b>	<b>1.957.352</b>	<b>2.098.538</b>	<b>7,2</b>

(1) Inclúe Débedas Estado, obrigas e outros valores de renda fixa, accións e outros títulos de renda variable, participacións e participacións en empresas do grupo

(2) Créditos sobre clientes

(3) Capital subscrito+Primas de emisión+Reservas+Reservas revalorización+Resultados de exercicios anteriores

(4) Débitos a clientes+Débitos representados por valores negociables+Pasivos subordinados

Fonte: Asociación Española de Banca

CADRO 3.4.52.

**Resultados das caixas de aforros galegas 1999-00**

	1999				
	Activo total	Recursos alleos (1)	Créditos	Beneficios antes de impostos	Beneficio neto
	(en millóns de pesetas)				
Caixa Galicia	2.518.544	1.559.396	1.095.888	29.279	19.587
Caixa Vigo e Ourense	997.101	775.856	580.647		11.227
Caixa Pontevedra	241.616	211.740	138.118	3.224	2.249
<b>Total</b>	<b>3.757.261</b>	<b>2.546.992</b>	<b>1.814.653</b>	<b>32.503</b>	<b>33.063</b>
	2000				
	Activo total	Recursos alleos (1)	Créditos	Beneficios antes de impostos	Beneficio neto
	(en millóns de pesetas)				
Caixa Galicia	2.971.689	1.762.767	1.307.184	30.211	20.468
Caixanova	1.349.099	1.075.248	787.250	20.411	14.606
<b>Total</b>	<b>4.320.788</b>	<b>2.838.015</b>	<b>2.094.434</b>	<b>50.622</b>	<b>35.074</b>

(1) débitos a clientes + débitos representados por valores negociables+pasivos subordinados

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas Caixas

CADRO 3.4.53.

**Oficinas, persoal e caixeiros automáticos das caixas de aforros 1999-00**

	1999		
	oficinas	persoal	caixeiros aut.
Caixa Vigo e Ourense	342	1.782	253
Caixa Galicia	591	2.987	655
Caixa Pontevedra	120	614	98
<b>Total</b>	<b>1.053</b>	<b>5.383</b>	<b>1.006</b>
	2000		
	oficinas	persoal	caixeiros aut.
Caixa Galicia	662	3.452	744
Caixanova	454	2.299	353
<b>Total</b>	<b>1.116</b>	<b>5.751</b>	<b>1.097</b>

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas Caixas



## CADRO 3.4.54.

Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 1999-00 <sup>(1)</sup>

	1999			2000		
	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas
	(en miles de millóns de pesetas)					
A Coruña	870,4	588,5	0,5	994,5	706,8	0,5
Lugo	158,6	146,1	11,3	177,0	166,1	13,0
Ourense	143,3	118,5	0,5	159,9	139,6	0,7
Pontevedra	633,4	521,1	-	721,1	579,4	-
<b>Total</b>	<b>1.805,6</b>	<b>1.374,2</b>	<b>12,3</b>	<b>2.052,5</b>	<b>1.591,8</b>	<b>14,1</b>
<b>Total España</b>	<b>42.357,4</b>	<b>33.227,5</b>	<b>3.745,2</b>	<b>48.076,2</b>	<b>39.935,1</b>	<b>4.406,9</b>
G/E (%)	4,3	4,1	0,3	4,3	4,0	0,3

(1) datos a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: Banco de España

## CADRO 3.4.55.

Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 2000 <sup>(1)</sup>: valor relativo

	Importe		2000		
	2000	00/99	Bancos	Caixas	Cooperativas
	(en miles de millóns de pesetas)		%/Total		
		%			
A Coruña	1.701,8	16,6	58,4	41,5	0,0
Lugo	356,1	12,7	49,7	46,6	3,6
Ourense	305,2	16,4	52,4	47,4	0,2
Pontevedra	1.300,5	12,6	55,5	44,5	0,0
<b>Total</b>	<b>3.663,5</b>	<b>14,8</b>	<b>56,0</b>	<b>43,6</b>	<b>0,4</b>
<b>Total España</b>	<b>92.418,3</b>	<b>16,5</b>	<b>52,0</b>	<b>43,2</b>	<b>4,8</b>

(1) datos a 31 de decembro  
Fonte: Banco de España

A evolución do número de oficinas, cadro de persoal e caixeiros automáticos está reflectido no **cadro 3.4.53**. En conxunto, no ano 2000 prodúcese un crecemento destes tres aspectos, rexistrándose un aumento de 63 oficinas máis, e 370 traballadores e 31 caixeiros máis. Non obstante, no ano 2000 Caixanova experimentou un descenso de 97 traballadores e 8 oficinas menos que no ano 1999.

En canto á evolución dos créditos totais dentro das entidades de depósito, prodúcese no ano 2000 un aumento do 14,8% respecto ó ano anterior na demanda de crédito fronte a un crecemento do 16,5% para a economía española. Os **cadros 3.4.54**. e **3.4.55**. amosan o devandito crecemento, reflectindo que a demanda de crédito nos bancos medra un 13,7% respecto ó ano 1999, e nas caixas de aforro, un 16,2%.

O peso da demanda galega no conxunto da economía española permaneceu practicamente

constante, pasando do 4,02% do total de créditos demandados en España no ano 1999, ó 3,96% do ano 2000.

As provincias de A Coruña e Pontevedra dispuxeron do 82% do total dos créditos concedidos, sendo A Coruña a que presenta o maior crecemento do crédito a administracións e outros sectores residentes (16,6%), seguida de Ourense co 17,8%.

No concernente á importancia relativa do crédito nas entidades financeiras galegas no ano 2000, o **cadro 3.4.55**. reflecte que a importancia relativa do crédito dos bancos e superior ó de España, sendo similar no caso das caixas de aforros e inferior no caso das cooperativas. A Coruña presenta un peso relativo do crédito dos bancos superior á media de Galicia e unha importancia relativa inferior no caso das caixas. Neste último caso, a importancia relativa nas outras tres provincias é superior á media galega.

CADRO 3.4.56.

**Depósitos de Administraciones Públicas  
e outros sectores residentes nas entidades de depósito 1999-00** <sup>(1)</sup>

	1999			2000		
	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas
	(en miles de millóns de pesetas)					
A Coruña	820,0	845,4	0,3	821,6	858,4	0,3
Lugo	270,4	309,5	22,3	277,2	262,6	23,1
Ourense	267,4	282,2	0,5	281,5	306,0	0,5
Pontevedra	487,8	582,4	-	522,3	680,9	-
<b>Total</b>	<b>1.845,6</b>	<b>2.019,4</b>	<b>23,1</b>	<b>1.902,6</b>	<b>2.107,8</b>	<b>24,0</b>
<b>Total España</b>	<b>32.404,2</b>	<b>38.208,4</b>	<b>4.635,3</b>	<b>34.595,1</b>	<b>41.735,8</b>	<b>5.145,7</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>5,70</b>	<b>5,29</b>	<b>0,50</b>	<b>5,50</b>	<b>5,05</b>	<b>0,47</b>

(1) datos a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: Banco de España

CADRO 3.4.57.

**Depósitos de Administraciones Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 2000** <sup>(1)</sup> : valor relativo

	Importe		2000		
	2000	00/99	Bancos	Caixas	Cooperativas
	(en miles de millóns de ptas)		%/Total		
A Coruña	1.680	0,9	48,9	51,1	0,0
Lugo	563	-6,5	49,2	46,6	4,1
Ourense	588	6,9	47,9	52,0	0,1
Pontevedra	1.203	12,4	43,4	56,6	-
<b>Total</b>	<b>4.034</b>	<b>3,8</b>	<b>47,2</b>	<b>52,2</b>	<b>0,6</b>
<b>Total España</b>	<b>81.477</b>	<b>8,3</b>	<b>42,5</b>	<b>51,2</b>	<b>6,3</b>

(1) datos a 31 de decembro  
Fonte: Banco de España

O volume total de depósitos de Administraciones Públicas e outros sectores residentes de depósito medrou na comunidade galega no ano 2000, sendo ese aumento inferior á media estatal, tal e como reflicten os **cadros 3.4.56.** e **3.4.57.** Deste xeito, a porcentaxe de participación dos depósitos galegos no total de España descende ata o 4,95% do volume total español, mentres no ano anterior foron o 5,17%. No último ano prodúcese un descenso da importancia relativa dos depósitos tanto no bancos como nas caixas de aforros e cooperativas.

A Coruña e Pontevedra concentraron o 71,5% do total dos depósitos existentes en Galicia en 2000, segundo se aprecia no **cadro 3.4.57.** Estes depósitos medran en tódalas provincias galegas, agás en Lugo, onde o descenso foi do 6,5% respecto ó ano precedente.

Os datos do **cadro 3.4.57.** amosan que a importancia relativa dos depósitos nos bancos e

nas caixas de aforros de Galicia é superior á existente en España, en tanto que o peso relativo das cooperativas é claramente inferior.

• **Outros intermediarios financeiros**

Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A., constituída en 1999, ten como obxecto social exclusivo a administración, representación e xestión de fondos de capital risco e de activos de sociedades de capital risco. Como actividade complementaria pode realizar tarefas de asesoramento ás empresas coas que manteña vinculación como consecuencia do exercicio da súa actividade.

A 31 de decembro do ano 2000, a sociedade tiña asignada a administración, representación e xestión de Sodiga Galicia, e os fondos de capital-risco Emprende e Adiante 2000. No ano 2000 firmouse un acordo con Inesga, polo que Xesgalicia analizará os proxectos presentados á

## CADRO 3.4.58.

## Balance de situación de XesGalicia S.A. a 31-12-2000

Activo		Pasivo	
(en miles de pesetas)		(en miles de pesetas)	
<b>Inmovilizado</b>	14.130	<b>Fondos propios</b>	229.480
Inmovilizaciones inmateriales	1.531	Capital suscrito	199.999
Inmovilizaciones materiales	12.599	Reservas	4.243
		Beneficio do período	25.238
<b>Activo circulante</b>	247.252	<b>Acreedores a corto plazo</b>	31.902
Debedores	66.790		
Tesorería	179.267		
Axustes por periodificación	1.195		
	261.382		261.382

Fonte: XesGalicia S.A.

## CADRO 3.4.59.

## Actividade investidora de Xesgalicia 2000

Participación	Préstamo	Total	Entidade de capital-risco		Localidade
(en millóns de pesetas)					
Dynamic Soft, S.A.	3	17	20	Emprende	Vigo, Pontevedra
Balneario de Guitiriz, S.A.	150	-	150	Emprende	Guitiriz, Lugo
Lentigal, S.A.	7	13	20	Emprende	Redondela, Pontevedra
Norcontrol Solex Robotics, S.A.	4	-	4	Emprende	A Coruña
Gestión Comercial Óptica, S.L.	7	-	7	Emprende	Redondela, Pontevedra
Adega Ponte da Boga, S.L.	22	30	52	Emprende	Castro Caldelas, Ourense
Brasseli, S.A.	10	35	45	Emprende	As Pontes, A Coruña
Dygra Films, S.A.	65	65	130	Emprende	A Coruña
Sidrería Gallega, S.A.	10	40	50	Emprende	Chantada, Lugo
Investigación Barros Rojos, S.A.	15	-	15	Emprende	San Ciprián, Lugo
Impel Telecom, S.A.	40	-	40	Emprende	A Coruña
Potential Markets Company, S.A.	100	-	100	Emprende	As Pontes, A Coruña
Pórtico Paneles Puertas, S.A.	10	-	10	Emprende	Nigrán, Pontevedra
Envases Metálicos de Vigo, S.A.	30	-	30	Adiante	Porriño, Pontevedra
Escuris, S.A.	-	250	250	Adiante	A Pobra do Caramiñal, A Coruña
La Región, S.A.	-	150	150	Adiante	Ourense
Eduardo González Alonso, S.A.	149	-	149	Adiante	Vigo, Pontevedra
Pluton Park, S.A.	85	-	85	Adiante	Mos, Pontevedra
Bioetanol, S.A.	288	-	288	Sodiga	Teixeiro, A Coruña
Vidriera del Atlántico, S.A.	240	-	240	Sodiga	Xinxo, Ourense
Vicente Romeo, S.A.	31	69	100	Sodiga	A Coruña
Russula, S.A.	30	-	30	Sodiga	A Coruña
Empresa Monforte, S.A.	300	-	300	Sodiga	Monforte, Lugo
Inesga	5	-	5	Sodiga	Santiago, A Coruña
Einsa Print International	250	-	250	Sodiga	As Pontes, A Coruña
Flexipol Espumas Sintéticas	83	-	83	Galicía / NP	Portugal
<b>Total sociedades = 26</b>	<b>1.934</b>	<b>669</b>	<b>2.603</b>	<b>(Sodiga)</b>	

Fonte: XesGalicia S.A.

devandita sociedade, que xestiona un fondo de desenvolvemento dotado con 18.000 millóns de pesetas.

No ano 2000 Xesgalicia xestionou un total de 5.206 millóns de pesetas, dos que 1.750 millóns de pesetas corresponden a Adiante 2000, Fondo de capital-risco, 2.000 millóns de pesetas ó Emprende, Fondo de capital-risco, e 1.456 millóns de pesetas a Sodiga Galicia, Sociedade de capital-risco, S.A. Isto trouxo unha actividade inversora en 26 sociedades, cunha contía total de 2.603 millóns de pesetas (cadro 3.4.59.).

No concernente a Sodiga, no ano 2000 completouse o desembolso da ampliación de

capital, que ascendeu a 5.952,8 millóns de pesetas. No último ano o Consello de Xesgalicia aprobou a toma de participación en Einsa Print International, S.A., Empresa Monforte, S.A. e Inesga Inversiones Estratégicas de Galicia, S.A., por un total de 554,8 millóns de pesetas. Pola contra, desinvestiuse en Aprovechamientos Hidráulicos de Galicia, Bomob del Atlántico, Energía de Galicia, Gestión Energética de Galicia, Instituto de Estudios Celulares y Mononucleares I.C.M. e en Unión de Distribuidores de Electricidad

A 31 de decembro de 2000, a situación de carteira compóñase de 68 empresas participadas en capital por un importe de 3.331,7 millóns de

CADRO 3.4.60.

Balance de situación de SODIGA 1999-00 <sup>(1)</sup>

Activo	1999	2000	Pasivo	1999	2000
	(en miles de pesetas)			(en miles de pesetas)	
<b>Inmovilizado</b>			<b>Fondos propios</b>		
Gastos de establecemento	-	1.271	Capital suscrito	5.952.876	5.952.756
Inmovilizacións materiais	126.458	125.081	Reservas	556.640	393.694
			Beneficio (pérdida) do exercicio	(163.066)	109.931
<b>Total inmovilizado</b>	<b>126.458</b>	<b>126.352</b>	<b>Total</b>	<b>6.346.450</b>	<b>6.456.381</b>
<b>Activo circulante</b>			<b>Ingresos a distribuir en varios exercicios</b>	<b>1.598.511</b>	<b>1.416.556</b>
Accionistas por desemb. Esixido	1.385.455	-	<b>Acreeedores a longo prazo</b>		
Debedores	1.930.141	1.517.961	Fianzas e depósitos recibidos	11.200	14.800
Carteira de inversións financeiras	3.537.285	4.412.329	<b>Acreeedores a curto prazo</b>		
Tesorería	1.070.898	2.006.790	Acreeedores por compra de valores	17.438	54.114
Axustes por periodificación	5.825	9.270	Acreeedores comerciais	33.311	42.322
			Outras débedas non comerciais	49.152	20.258
<b>Total activo circulante</b>	<b>7.929.604</b>	<b>7.946.350</b>	<b>Provisións para riscos e gastos</b>	<b>-</b>	<b>68.271</b>
			<b>Total acreeedores a curto prazo</b>	<b>99.901</b>	<b>116.694</b>
<b>Total activo</b>	<b>8.056.062</b>	<b>8.072.702</b>	<b>Total pasivo</b>	<b>8.056.062</b>	<b>8.072.702</b>

(1) a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: XesGalicia S.A.

CADRO 3.4.61.

SODIGA, empresas con participación superior ó 20% no 2000

	Participación	Capital social
	%	(en miles de pesetas)
Arteixo Telecom, S.A.	22	1.200.000
Dinak, S.A.	25	200.000
Electromecánicos Viveiro, S.A.	29	170.000
Euro - CKP, S.A.	20	200.000
Granitesa, S.A.	27	55.000
Hidroeléctrica del Giesta, S.L.	26	230.000
Hormitubo, S.a.	25	100.000
Ibisa Televisión, S.L.	33	18.000
Informoldes, S.a.	27	99.832
Investigación y Desarrollo Barros Rojos, S.L.	29	10.500
Mecamos, S.A.	25	16.000
Mecanizados del Noroeste, S.A.	26	96.000
Molduras de Galicia, S.A.	22	45.000
Nak Electronics, S.A.	29	14.000
Pino Herramientas, S.A.	27	185.000
Privilege Advanced Surfaces, S.A.	40	500.000
Sotavento Galicia, S.A.	21	100.000
Unidad de Vehículos Industriales, S.A.	33	80.000
Vicente Romeo, S.A.	22	139.218
Vidriera del Atlántico, S.A.	26	920.000
Fibroplac, S.A.	20	207.595

Fonte: XesGalicia S.A.

pesetas totalmente desembolsados e en préstamos ordinarios ou participativos por un importe de 1.166,1 millóns de pesetas. O **cadro 3.4.61.** recolle as empresas con participación superior ó 20%.

Respecto ó fondo de capital risco Emprende, no ano 2000 ampliouse a contía do fondo ata os 2.000 millóns de pesetas (12,02 millóns de euros), con cargo ós cales realizáronse inves-

timentos en Adegas Ponte da Boga, Braseli accesorios para tuberías, Pórtico paneles para portas, Dygra Films, Sidrería Galega, Impel Telecom, Potential Markets Company e Indebar. En conxunto, estes investimentos ascenderon a 481,3 millóns de pesetas, incluídos préstamos participativos por 170 millóns de pesetas.

Respecto ó fondo Adiante 2000, no ano 2000 ampliouse a contía do fondo ata os 1.750

**CADRO 3.4.62.**
**Balance de situación do fondo de capital risco Emprende 1999-00** <sup>(1)</sup>

Activo	1999		2.000		Pasivo	1999		2.000	
	<i>(en miles de pesetas)</i>					<i>(en miles de pesetas)</i>			
<b>Activo circulante</b>					<b>Fondos propios</b>				
Debedores	156.851		361.554		Participes	999.999		2.000.000	
Carteira de inversións financeiras	91.878		543.452		Remanente	-		98	
Tesorería	756.368		1.124.701		Beneficios do período	98		8.244	
					<b>Total fondos propios</b>	<b>1.000.097</b>		<b>2.008.342</b>	
					<b>Acreedores a curto prazo</b>	<b>5.000</b>		<b>21.365</b>	
<b>Total activo</b>	<b>1.005.097</b>		<b>2.029.707</b>		<b>Total pasivo</b>	<b>1.005.097</b>		<b>2.029.707</b>	

(1) a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: XesGalicia S.A.

**CADRO 3.4.63.**
**Emprende, empresas con participación superior ó 20% no 2000**

	Participación	Capital social
	%	<i>(en miles de pesetas)</i>
Astine, S.A.	33	136.660
Lentigal España, S.L.	33	21.000
Gran Balneario de Guitiriz, S.A.	31	476.000
Adega Ponte da Boga, S.L.	25	88.200
Dynamic Soft, S.L.	27	11.000
Potential Markets Company, S.A.	20	143.334
Braseli, Accesorios para Tuberías, S.A.	25	40.000
Gestión Comercial Óptica, S.L.	27	26.207
Impel Telecom, S.A.	25	161.946
Pórtico Paneles para Puertas, S.L.	40	24.999
Representaciones Montenegro, S.L.	33	1.242

Fonte: XesGalicia S.A.

**CADRO 3.4.64.**
**Balance de situación do fondo de capital risco Adiante 1999-00** <sup>(1)</sup>

Activo	1999		2.000		Pasivo	1999		2.000	
	<i>(en miles de pesetas)</i>					<i>(en miles de pesetas)</i>			
<b>Activo circulante</b>					<b>Fondos propios</b>				
Debedores	77.649		480.529		Participes	999.999		1.749.999	
Carteira de inversións financeiras	-		324.410		Remanente	-		16	
Tesorería	927.366		965.409		Beneficios do período	16		11.139	
					<b>Total fondos propios</b>	<b>1.000.015</b>		<b>1.761.154</b>	
					<b>Acreedores a curto prazo</b>	<b>5.000</b>		<b>9.194</b>	
<b>Total activo</b>	<b>1.005.015</b>		<b>1.770.348</b>		<b>Total pasivo</b>	<b>1.005.015</b>		<b>1.770.348</b>	

(1) a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: XesGalicia S.A.

**CADRO 3.4.65.**
**Participacións aprobadas do fondo de capital risco Adiante 2000 a 31-12-2000**

	Participación	Capital social
	%	<i>(en miles de pesetas)</i>
Envases metálicos de Vigo S.A.	30	98.250
Pluton Park, S.A.	26	328.848
Macofrey, S.A.	20	298.000

Fonte: XesGalicia S.A.

CADRO 3.4.66.

Balance de situación de INESGA, 1999-00 <sup>(1)</sup>

Activo			Pasivo		
	1999	2.000		1999	2.000
	(en pesetas)			(en pesetas)	
<b>Inmovilizado</b>			<b>Fondos propios</b>		
Gastos de establecimiento	139.360	31.972	Capital suscrito	79.520.000	79.520.000
Inmov. Inmateriais	66.211	52.596	Reservas	335.154	374.937
<b>Total Inmovilizado</b>	<b>205.571</b>	<b>84.568</b>	Beneficio do exercicio	39.783	119.085
			<b>Total fondos propios</b>	<b>79.894.937</b>	<b>80.014.022</b>
<b>Activo circulante</b>			<b>Acreedores a curto prazo</b>	<b>411.308</b>	<b>535.189</b>
Debedores	14.823.577	7.601.860			
Tesorería	65.277.097	72.862.783			
<b>Total activo circulante</b>	<b>80.100.674</b>	<b>80.464.643</b>			
<b>Total activo</b>	<b>80.306.245</b>	<b>80.549.211</b>	<b>Total pasivo</b>	<b>80.306.245</b>	<b>80.549.211</b>

(1) a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: XesGalicia S.A.

millóns de pesetas (10,52 millóns de euros), con cargo ós cales realizáronse investimentos, por un total de 444,41 millóns de pesetas, en Envases Metálicos de Vigo S.A., Pluton Park S.A., Macofrey e Antonio Pernas. Nas tres primeiras empresas, **cadro 3.4.65.**, a porcentaxe de participación é superior ó 20%

Finalmente, respecto á sociedade anónima Inversiones Estratégicas de Galicia (INESGA), firmouse no ano 2000 o convenio de colaboración financeira actualizado, que supuxo unha novación modificativa do anterior, o cal continuará vixente para os préstamos novos subscritos ó amparo do mesmo ata a súa cancelación.

No último ano concedeuse un crédito por valor de 710 millóns de pesetas a Einsa Print International, S.A., e amortizáronse créditos por valor de 827 millóns de pesetas correspondentes ás seguintes empresas: Compoñentes de vehículos de Galicia S.A., Eduardo Vieira, S.A. Unión de Empresas Madereras S.A., Forestal del Atlántico S.A., SGL Carbón S.A. e Ferroatlántica, S.L..

Polo que atinxe ás sociedades de garantía recíproca, este tipo de sociedades de intermediación financeira recibiron no ano 2000 unha petición de avais por un importe de 11.158,2 millóns de pesetas, tal e como reflicte o **cadro 3.4.67.** Desas peticións, concedéronse avais por unha contía de 9.840,3 millóns, o que significou un 88,2% da contía solicitada. En conxunto, ata o

ano 2000 a contía total solicitada ascendeu a 81.794 millóns de pesetas, dos que se concederon un total de 65.740,2 millóns de pesetas.

Os datos recollidos no **cadro 3.4.68.** reflicten que o sector servicios presenta o maior risco vivo, con 11.145,3 millóns de pesetas (o 46,4% do total galego), seguido do sector industrial, con 4.860,4 millóns de pesetas (o 20,2%), mentres que o menor risco vivo corresponde ó sector primario (966,8 millóns de pesetas).

#### • *Mercados financeiros*

Os mercados financeiros poden ser definidos como aqueles lugares, físicos ou non, onde se realizan as transaccións de instrumentos financeiros. O **cadro 3.4.69.** reflicte as empresas galegas que no ano 2000 cotizaban en Bolsa.

Como se pode apreciar, o valor de capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa (sen contar con Tafisa e Coto Cortés) ascendeu a 1.599,4 miles de millóns de pesetas. Unión Fenosa e Zeltia son as empresas cunha maior capitalización, representando o 82,7% do valor total no ano 2000.

### Servicios da educación e da sanidade

Neste último apartado recóllese a análise dos servicios da educación e da sanidade desde o punto de vista de sectores productivos, estu-

**CADRO 3.4.67.**
**Resultados das sociedades de garantía recíproca 1999-00 e acumulados ata 2000**

1999						
	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía (1)	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados		4.690.842	425	5.026.539	--	9.717.381
Avais concedidos		3.985.432	388	4.394.527	--	8.379.959
Avais formalizados		4.220.022	2.810	4.941.038	--	9.161.060

  

2000						
	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía (1)	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados		4.782.608	460	6.375.630	--	11.158.238
Avais concedidos		3.939.471	433	5.900.875	--	9.840.346
Avais formalizados		3.933.600	2.340	6.713.456	--	10.647.056

  

Acumulados ata 2000						
	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía (1)	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados		39.043.663	3.726	42.750.326	--	81.793.989
Avais concedidos		28.892.145	3.230	36.848.062	--	65.740.207
Avais formalizados		25.869.983	14.270	34.721.479	--	60.591.462

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas SGR

**CADRO 3.4.68.**
**Risco vivo das sociedades de garantía recíproca 1999-00: distribución segundo sectores**

1999						
	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	avais vixentes	coantía (1)	avais vixentes	coantía	avais vixentes	coantía
sector primario		250.684	68	598.824		849.508
sector industrial		2.551.507	255	1.825.212		4.376.719
construcción		1.528.522	1.914	2.370.019		3.898.541
sector servicios		2.690.288	710	3.910.881		6.601.169
comercio		2.143.729	527	2.795.014		4.938.743
<b>Total</b>		9.164.730	3.474	11.499.950	-	20.664.680

  

2000						
	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	avais vixentes	coantía (1)	avais vixentes	coantía	avais vixentes	coantía
sector primario		195.312	79	771.512		966.824
sector industrial		2.647.807	271	2.212.555		4.860.362
construcción		1.718.953	2.028	2.772.786		4.491.739
sector servicios		2.984.956	1.421	8.160.324		11.145.280
comercio		2.563.039				2.563.039
<b>Total</b>		10.110.067	3.799	13.917.177	-	24.027.244

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas

Fonte: CESGAR

**CADRO 3.4.69.**
**Empresas galegas en bolsa 1999-00**

	1999		2000	
	Prezo da acción (1) (en pesetas)	Capitalización (en millóns de pesetas)	Prezo da acción (1) (en pesetas)	Capitalización (en millóns de pesetas)
Adolfo Domínguez	1.631	13.926	782	6.812
Banco de Galicia	2.662	81.007	2.180	66.325
Banco Pastor	6.739	122.458	7.654	139.089
Coto Cortés	1.647	5.889	-	-
Pescanova	1.644	13.151	1.664	16.639
Tafisa	2.080	64.310	-	-
Transportes Azkar	1.606	52.022	998	48.518
Unión Fenosa	2.885	879.041	3.253	991.075
Zeltia (2)	2.912	--	2.072	330.967
<b>Total</b>		1.231.805		1.599.424

(1) derradeiro prezo do período

(2) os datos para 1999 foron facilitados pola propia empresa

Fonte: Bolsa de Madrid

diando os indicadores empresariais facilitados por Ardán.

#### • *Educación*

No que ó subsector da educación se refire, o **cadro C.3.2.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución por ramas de actividade*) reflicte a evolución do emprego no subsector da educación en Galicia. Como se pode apreciar, o número de ocupados neste subsector foi de 45,7 miles de persoas no ano 2000, fronte ós 47,7 miles de empregados no ano anterior. Comparado coa situación no total español, o peso relativo dos empregados no sistema educativo galego no total estatal descende no ano 2000 respecto a 1999, pasando de representar un 5,9% ó 5,7%.

En termos relativos, no ano 2000 descende a importancia relativa da poboación ocupada galega no sector da educación (pública e privada), que pasa dun 5,1% en 1999 ó 4,6% do ano 2000. En España tamén se produce este descenso, pasando as porcentaxes do 5,8% de 1999 ó 5,6% do ano 2000.

#### • *Indicadores empresariais de educación*

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas coas actividades da educación ascendeu a 65 empresas en 1999, o que supuña o 0,6% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 22 traballadores por empresa. O VEB xerado polas empresas do subsector educación ascendeu a 4.776,1 millóns de pesetas, e os seu ingresos de explotación a 7.506,8 millóns de pesetas (**cadro 3.4.71.**).

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.4.70.**, son Vigo, con 1.208,8 millóns de pesetas, seguido de A Coruña e Santiago, con 799,8 e 570,1 millóns de pesetas, respectivamente. En conxunto acollen o 54% do VEB xerado neste subsector.

A conta de explotación agregada destas 65 empresas amosa que no ano 1999 o seu resultado neto do exercicio medrou de xeito considerable, un 257%, para situarse nos 203,9 millóns de pesetas. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos e o resultado de actividades ordinarias medraron nunha porcentaxe similar, acadando os 271,7 e 88,7 millóns de pesetas, respectivamente.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 12,1%, máis de 2,6 puntos inferior ó crecemento experimentado polos ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descendeu dende o 65,1% de 1998 ata o 63,6% de 1999.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.4.72.**, en termos relativos, o financiamento permanente non cubre a totalidade do activo fixo neto (cubre o 89,9% do activo fixo), acadando o fondo de rotación un valor negativo de 459 millóns de pesetas. No concernente ás fontes de financiamento, o 67,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 61,6% respecto ó ano anterior, supoñen o 41,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo caeron un 3,9% cun peso relativo do 20,4% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 6.111,3 millóns de pesetas, un 23,8% superior ó valor de 1998, dos que 4.564,8 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 28,9% superior ó existente o ano anterior). Os 1.546,6 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 11% en relación ó ano anterior.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.4.73.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB, un descenso do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das 10.572 empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é inferior (9,8% e 10,2%, respectivamente), ó contrario do aconte-



**CADRO 3.4.70.**
**Educación 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
Vigo	1.035,82	1.208,79	16,7
A Coruña	702,08	799,82	13,9
Santiago	557,99	570,05	2,2
Ourense	373,14	455,92	22,2
Poio	225,35	273,11	21,2
Lugo	251,24	230,71	-8,2
Ribeira	181,64	207,63	14,3
Culleredo	144,15	159,15	10,4

Fonte: Ardán

**CADRO 3.4.71.**
**Evolución da actividade na educación 1998-99: ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	6.546,68	100	7.506,80	100	14,7
Consumo e outros gastos de explotación	2.285,23	34,9	2.730,75	36,4	19,5
Valor engadido bruto a custo dos factores	4.261,44	65,1	4.776,05	63,6	12,1
Gastos de persoal	3.932,05	60,1	4.246,60	56,6	8,0
Resultado económico bruto da explotación	329,39	5,0	529,45	7,1	60,7
Amortizacións	261,46	4,0	329,92	4,4	26,2
Resultado económico neto da explotación	67,93	1,0	199,53	2,7	193,7
Resultado financeiro	-121,6	-1,9	-110,9	-1,5	8,8
Ingresos financeiros	14,10	0,2	10,70	0,1	-24,1
Gastos financeiros	135,72	2,1	121,55	1,6	-10,4
Resultado de actividades ordinarias	-53,7	-0,8	88,68	1,2	-265,2
Resultado de actividades extraordinarias	130,85	2,0	183,04	2,4	39,9
Resultado antes de impostos	77,17	1,2	271,71	3,6	252,1
Impostos	20,07	0,3	67,87	0,9	238,2
Resultado neto do exercicio	57,10	0,9	203,85	2,7	257,0
Cash-flow	302,02	4,6	495,09	6,6	63,9

Fonte: Ardán

**CADRO 3.4.72.**
**Evolución do investimento e do financiamento na educación 1998-99**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	4.934,99	100	6.111,33	100	23,8
Activo fixo (neto)	3.542,26	71,8	4.564,77	74,7	28,9
Gastos amortizables	29,24	0,6	35,22	0,6	20,5
Inmobiliado inmaterial	124,13	2,5	120,95	2,0	-2,6
Inmobiliado material	3.229,26	65,4	4.205,39	68,8	30,2
Outro inmovilizado	143,89	2,9	190,22	3,1	32,2
Outro activo fixo	15,74	0,3	13,00	0,2	-17,4
Circulante neto	1.392,74	28,2	1.546,56	25,3	11,0
Existencias	42,44	0,9	57,44	0,9	35,4
Debedores	879,97	17,8	854,53	14,0	-2,9
Tesourería	335,47	6,8	541,42	8,9	61,4
Outro activo circulante	134,86	2,7	93,17	1,5	-30,9
Fontes de financiamento	4.934,99	100	6.111,33	100	23,8
Financiamento permanente	3.105,12	62,9	4.105,79	67,2	32,2
Fondos propios	1.582,16	32,1	2.556,83	41,8	61,6
Recursos alleos l/p	1.296,79	26,3	1.246,32	20,4	-3,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	226,18	4,6	302,64	5,0	33,8
Acreeedores a curto prazo	1.829,87	37,1	2.005,55	32,8	9,6
Fondo de rotación	-437,13	-8,9	-458,99	-7,5	-5,0

Fonte: Ardán

**Educación 1998-99: estudio económico-financiero**

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	9,79	10,22	69,00	24,18	58,56	15,92	3,65	3,25	0,65	0,93	5,59	3,45
1998	4,08	11,50	67,91	23,97	59,16	16,24	3,54	3,25	0,97	1,08	4,99	3,17

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	6,69	6,67	3,93	3,50	1,67	1,88	9,98	18,11	2,43	2,24	1,54	2,45
1998	5,55	6,48	3,13	3,47	1,61	1,84	7,67	16,77	2,55	2,53	1,79	2,56

Fonte: Ardán

cido no caso da evolución do VEB sobre os ingresos (69,0% e 24,2%, respectivamente).

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos medran no ano 1999, acadando o 6,7% e 10%, respectivamente. A primeira faino por mor do aumento experimentado pola marxe de actividade e a rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, e pola caída do custo da débeda.

• **Sanidade**

Unha aproximación á poboación ocupada neste subsector pode facerse a partires dos datos recollidos no epígrafe “sanidade” do **cadro 3.0.3.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución por ramas de actividade*). O devandito cadro amosa un crecemento do número de ocupados no ano 2000 do 1,5%, situándose a poboación ocupada nas 43,5 miles de persoas que representan o 8,4% do total da ocupación no sector servicios en Galicia. Comparado co total de España, a poboación ocupada en Galicia en “sanidade” representa o 5,5% do total do estado fronte ós 4,6% do ano anterior.

• **Indicadores empresariais de sanidade**

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas englobadas no subsector servicios relacionados coa saúde –hospitais e residencias e outros servicios sanitarios– ascendeu a 77 empresas en 1999, o que supuña o 0,7% do conxunto empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 58 traballadores por empresa. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector servicios empresariais representa o 1,5% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 0,5% no ano 1999 (**cadro 3.4.74.**).

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 3.4.75.**, son Vigo, con 7.114,7 millóns de pesetas, seguido de A Coruña e Santiago, con 2.827,5 e 2.607 millóns de pesetas, respectivamente. En conxunto acollen o 73,6% do VEB xerado neste subsector.

## CADRO 3.4.74.

## Servicios relacionados coa saúde 1999: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de pesetas)					
Hospitais e residencias	23	21.655,98	11.999,05	1.677,17	20.013,38	152
Outros servicios sanitarios	54	10.428,02	5.057,56	1.177,11	7.475,72	23
<b>Total</b>	<b>77</b>	<b>32.084,00</b>	<b>17.056,60</b>	<b>2.854,28</b>	<b>27.489,10</b>	<b>58</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	0,73%	0,54%	1,46%	0,82%	0,61%	

Fonte: Ardán

## CADRO 3.4.75.

## Sector dos servicios relacionados coa saúde 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
Vigo	6.656,99	7.114,72	6,9
A Coruña	2.696,10	2.827,45	4,9
Santiago	2.623,44	2.606,97	-0,6
Lugo	836,36	919,52	9,9
Ribeira	213,90	860,90	302,5
Pontevedra	774,66	715,83	-7,6
Cee	240,61	715,32	197,3
Ourense	375,88	459,95	22,4

Fonte: Ardán

A conta de explotación agregada destas 77 empresas amosa que no ano 1999 o seu resultado neto do exercicio descende un 20,8% para situarse nos 976,9 millóns de pesetas. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos redúcese nun 12,6%, ascendendo a 1.349,7 millóns de pesetas, e o resultado de actividades ordinarias cae un 13,4% para situarse en 1.300,1 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 12,2%, máis de 2 puntos inferior ó crecemento experimentado polos ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descendeu dende o 54,2% de 1998 ata o 53,2% do ano 1999.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 3.4.77.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto, e un 24,4% do circulante neto. O fondo de rotación presenta un valor positivo de 2.508,6 millóns de pesetas. No concernente

ás fontes de financiamento, o 71,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 9,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 38,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 4,9% cun peso relativo do 19% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 27.489,1 millóns de pesetas, un 13,5% superior ó valor de 1999, dos que 17.208,6 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 16,5% superior ó existente o ano anterior). Os 10.280,5 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 8,8% en relación ó ano anterior.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.4.78.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado

CADRO 3.4.76.

**Evolución da actividade no sector dos servizos relacionados coa saúde 1998-99: ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	28.048,60	100	32.084,00	100	14,39%
Consumo e outros gastos de explotación	12.846,67	45,80	15.027,40	46,84	16,98%
Valor engadido bruto a custo dos factores	15.201,94	54,20	17.056,60	53,16	12,20%
Gastos de persoal	11.497,27	40,99	13.426,94	41,85	16,78%
Resultado económico bruto da explotación	3.704,67	13,21	3.629,67	11,31	-2,02%
Amortizacións	1.867,53	6,66	2.059,99	6,42	10,31%
Resultado económico neto da explotación	1.837,14	6,55	1.569,68	4,89	-14,56%
Resultado financeiro	- 336,21	-1,20	- 269,60	-0,84	19,81%
Ingresos financeiros	91,84	0,33	59,11	0,18	-35,64%
Gastos financeiros	428,06	1,53	328,71	1,02	-23,21%
Resultado de actividades ordinarias	1.500,92	5,35	1.300,08	4,05	-13,38%
Resultado de actividades extraordinarias	43,13	0,15	49,72	0,15	15,28%
Resultado antes de impostos	1.544,05	5,50	1.349,80	4,21	-12,58%
Impostos	310,60	1,11	372,92	1,16	20,07%
Resultado neto do exercicio	1.233,46	4,40	976,88	3,04	-20,80%
Cash-flow	2.991,26	10,66	2.854,28	8,90	-4,58%

Fonte: Ardán

CADRO 3.4.77.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servizos relacionados coa saúde 1998-99**

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	24.219,67	100,00	27.489,10	100,00	13,5
Activo fixo (neto)	14.773,61	61,00	17.208,59	62,60	16,5
Gastos amortizables	177,52	0,73	143,26	0,52	-19,3
Inmovilizado inmaterial	3.145,50	12,99	4.942,00	17,98	57,1
Inmovilizado material	11.132,28	45,96	11.709,95	42,60	5,2
Outro inmovilizado	318,31	1,31	413,39	1,50	29,9
Outro activo fixo	-	0,00	-	0,00	-
Circulante neto	9.446,06	39,00	10.280,51	37,40	8,8
Existencias	536,35	2,21	569,34	2,07	6,2
Debedores	5.975,98	24,67	6.667,81	24,26	11,6
Tesourería	2.191,63	9,05	2.087,52	7,59	-4,8
Outro activo circulante	742,11	3,06	955,84	3,48	28,8
Fontes de financiamento	24.219,67	100,00	27.489,10	100,00	13,5
Financiamento permanente	16.852,35	69,58	19.717,17	71,73	17,0
Fondos propios	9.736,76	40,20	10.642,48	38,72	9,3
Recursos alleos l/p	4.984,17	20,58	5.226,75	19,01	4,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2.131,43	8,80	3.847,94	14,00	80,5
Acreedores a curto prazo	7.367,32	30,42	7.771,93	28,27	5,5
Fondo de rotación	2.078,74	8,58	2.508,58	9,13	20,7

Fonte: Ardán

## CADRO 3.4.78.

## Servicios relacionados coa saúde 1998-99: estudio económico-financiero

## Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	4,24	10,22	52,94	24,18	35,41	15,92	5,57	3,25	0,85	0,93	9,16	3,45
1998	12,88	11,50	51,60	23,97	33,63	16,24	5,87	3,25	0,91	1,08	11,25	3,17

## Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	9,11	6,67	5,82	3,50	1,50	1,88	16,61	18,11	2,18	2,24	1,17	2,45
1998	10,50	6,48	7,17	3,47	1,62	1,84	29,81	16,77	2,81	2,53	1,18	2,56

Fonte: Ardán

coa evolución seguida polo conxunto das 10.572 empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é inferior (4,2% e 10,2%, respectivamente), ó contrario do acontecido no caso da evolución do VEB sobre os ingresos (52,9% e 24,2%, respectivamente).

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 1999, acadando o 9,1% e 16,6%, respectivamente. A primeira por mor do descenso experimentado pola marxe de actividade e a rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, xa que o custo da débeda cae ese ano. O devandito **cadro 3.4.78.** amosa que, a pesares deste descenso, a rendibilidade económica segue sendo superior á rexistrada polas 10.572 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto. ■

